



Concello de Vigo

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 9 de marzo de 2018

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. David Regades Fernández
D. Cayetano Rodríguez Escudero.

Invitados

D^a. Angeles Marra Domínguez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas do día nove de marzo de dous mil dezaioito e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a interventor xeral adxunta., Sra. Gómez Corbal.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(221).- ACTA ANTERIOR. Apróbase a acta da sesión ordinaria e extraordinaria e urxente do 22 de febreiro de 2018. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

2(222).- PROXECTO DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES.EXPTE. 2461/500.

A Xunta de Goberno local retira o expediente.

3(223).- DAR CONTA DA RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS (RELACIÓN 2/2018). EXPTE. 11297/111.

Dáse conta do informe-proposta de data 26/02/18, asinado polo letrado xefe da Área Xudicial de Asesoría Xurídica e o concelleiro-delegado de Xestión Municipal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

XGL relación 2/2018

Tiveron entrada na Asesoría Xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

1.- Auto do 27 de xaneiro de 2018

Expediente nº 8549/111

Xulgado do Social nº 4 de VIGO

Ordinario: 233/2014

Obxecto: Centros Cívicos, "cesión ilegal".

Expte(s): 24289/220

Sentenza nº 236 do 22/04/2016 E.P. (comunicada na XGL do 20/05/2016)

T.S.X.G

SUPPLICACIÓN 2911/2016

Sentenza do 27/02/2017

Desestimatoria (comunicada na XGL do 23/03/2017)

TRIBUNAL SUPREMO, SALA DO SOCIAL

CASACIÓN U.D. 1900/2017

Auto do 23/01/2018

Inadmite o recurso de casación para a unificación de doutrina interposto pola demandante contra a sentenza do 27/02/2017 da Sala do Social do TSXG (en Suplicación 2911/2016) contra a sentenza do 22/04/2016 do Xulgado do Social nº 4 de Vigo (ditada no proc. 233/2014 sobre cesión ilegal de traballadores).

O departamento de persoal e o de Participación Cidadá deben coñecer o resolto.

2.- Sentenza nº 56 do 7 de febreiro de 2018

Expediente nº 9151/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 201/2015

Obxecto: Reclamación responsabilidade patrimonial por dereito a xubilación parcial

Expte(s): 26681-220

Contía: 80.395,80 €

SENTENZA nº 146 do 31-05-2017.

Desestimatoria

TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª.

APELACIÓN 354/2017.

Sentenza nº 56 do 7 de febreiro de 2018.



Concello de Vigo

Resolve o recurso de apelación do actor contra a sentenza 146/2017 de instancia (desestimatoria) desestimando (cunha motivación esclarecedora e de relevancia xeral), con custas de oficio taxadas.

Os departamentos de Persoal e de Patrimonio-RPA deben coñecer o resolto.

3.- Sentenza nº 49 do 8 de febreiro de 2018

Expediente nº 9686/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de VIGO

Ordinario: 146/2016

Obxecto: Resolución do 11/04/2016, reclamación de responsabilidade patrimonial, caída na vía pública o 24/08/2014.

Expte(s): 4846/243

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso.

O departamento de Patrimonio-RPA debe coñecer o resolto

4.- Sentenza do 12 de febreiro de 2018

Expediente nº 9948/111

Xulgado do Social nº 5 de Vigo

Ordinario: 696/2016

Obxecto: Reclamación cantidades

Esta sentenza, que estima o recurso de suplicación considera que a empresa recurrente non debe facerse cargo das débedas da que anteriormente prestaba o servizo, mantendo a absolución do Concello de Vigo.

A Área de Fomento e o Servizo de Contratación deben coñecer do resolto.

5.- Sentenza do 14 de febreiro de 2018

Expediente nº 9954/111

Xulgado do Social nº 5 Reforzo de Vigo

Ordinario: 729/2016

Obxecto: Reclamación de Cantidades

Esta sentenza, absolve ao Concello de Vigo e estima o recurso de suplicación interposto por Mantelnor, e considera que só a empresa anteriormente contratista do servizo e a súa administración concursal debe responder das débedas salariais.

A Área de Fomento e o Servizo de Contratación deben coñecer do resolto.

6.- Sentenza do 26 de xaneiro de 2018

Expediente nº 9957/111

Xulgado do Social nº 3 de Vigo

Ordinario: 741/2016

Obxecto: Reclamación de cantidades

Contía: 3.301,11 €

Esta sentenza, muda o criterio seguido ata o de agora e desestima o recurso de suplicación de Mantelnor, considerando como unha cláusula social a asunción de débedas de natureza

salarial pola empresa entrante con respecto á saínte, por mor da cesión do contrato municipal.

A Área de Fomento e Contratación deben coñecer do resolto.

7.- Sentenza nº 47 do 8 de febreiro de 2018
Expediente nº 10390/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Ordinario: 36/2017
Obxecto: Resolución da XGL do 25/11/16 que acorda adxudicar o contrato das obras de renovación do céspede artificial do Campo de Fútbol Comesaña
Expte(s): 15119-333
Contía: 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio. O departamento de Deportes e o de Contratación (así como os directores de obra XMU-director de obras) deben coñecer o resolto.

8.- Sentenza nº 31 do 6 de febreiro de 2018
Expediente nº 10485/111
Xulgado do Social nº 3 de VIGO
Despedimento obxectivo individual: 288/2017
Obxecto: Declaración nulidad despido ou subsidiariamente improcedente
Expte(s): 29496-220

Esta sentenza, que non é firme, declara nulo o despedimento da actora e condena ao Concello á readmisión inmediata da mesma, con abono dos salarios de tramitación.

Considera improcedente o despedimento-cese, que se transforma en nulo por mor da redución de xornada da actora, por aplicación do art. 53.4 b) do ET, como aconteceu xa no recurso relacionado neste aspecto con este (301/2017 Virginia Pereiras Bermejo). Se solicita informe de Recursos Humanos para o caso de presentar recurso de Suplicación (a anunciar no prazo de 5 días dende o seguinte á notificación da sentenza; 12/2/2018).

A Área de Recursos Humanos e Benestar Social deben coñecer do resolto.

9.- Sentenza nº 35 do 1 de febreiro de 2018
Expediente nº 10698/111
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO
Ordinario: 181/2017
Obxecto: Desestimación do TEA contra liquidacións relativa a "taxa os aproveitamentos especiais ou utilizacións privadas so solo, subsolo e voo de dominio publico local" o
Expte(s): 4036-550 - 4082-550
Contía: 18.000,00 €

Esta sentenza, que non é firme, estima parcialmente o recurso, anulando as liquidacións impugnadas con obriga de reintegro das cantidades ingresadas por tal concepto actualizadas (desde a reclamación administrativa ata o reintegro efectivo).
Desestima o pedimento de nulidade da O.F. nº 30 e de propoñer cuestión de ilegalidade.



Concello de Vigo

A Administración e a Inspección de Tributos e o TEA do concello de Vigo de non apelar deben executar o resolto.

10.- Sentenza nº 34 do 1 de febreiro de 2018

Expediente nº 10757/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 229/2017

Obxecto: Contra resolución ditada o 1/6/2017 que desestima reclamación patrimonial por danos e prexuízos por caída no estadio de Balaidos.

Expte.: 4872-243

Contía: 25.846,67 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso contencioso-administrativo presentado pola demandante, por mor duns danos sufridos no estadio de Balaidos durante un evento de grande afluencia. Considerando o Xulgador que se tratou dun dano alleo ao funcionamento do servizo público municipal, indicando que existiu a debida dilixencia para a realización dos traballos de conservación e mantemento.

11.- Sentenza nº 40 do 8 de febreiro de 2018

Expediente nº 10861/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 304/2017

Obxecto: Resolución do 10/07/17 desestimatoria do R/Reposición contra resolución do 29/06/16 que desestima reclamación de RPA por caída en Avda. Martínez Garrido

Expte(s): 4740-243

Contía: 13.776,40 €

Esta sentenza, que é firme, desestima o recurso promovido pola parte demandante por mor duns danos provocados por unha caída na Rúa Palencia, confirmando a resolución administrativa.

Responsabilidade patrimonial-danos debe coñecer do resolto.

12.- Sentenza nº 46 do 8 de febreiro de 2018

Expediente nº 11092/111

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de VIGO

Abreviado: 412/2017

Obxecto: Desestimación realizada mediante silencio administrativo polo Concello de Vigo, á solicitude da tarxeta de estacionamento para persoas con minusvalía física

Expte(s): 160107327

Esta sentenza, que non é firme, e fronte á que se pode presentar recurso de apelación, desestima con custas o recurso do demandante, e considera que non é posible acceder ao solicitado (recoñecemento do dereito á expedición da tarxeta de minusválido a un determinado colectivo e dereito individualizado á expedición da tarxeta).

O Servizo de Seguridade debe coñecer do resolto

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

I. Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demais resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto ex art. 118 da Constitución e o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

II. Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

III. Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúa que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

IV. Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no caso deste administración municipal ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, de ser outro caso, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta, Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou atendendo á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuízamento civil, en especial libro III.

V. E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, dase conta a ese órgano, das resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

PROPOSTA DE ACORDO

Único.- Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

Segundo.- Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á debida e puntual execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

4(224).- REVISIÓN DO IPC DO CONTRATO DO SERVIZO DE INTERVENCIÓN FAMILIAR DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 149478/301.

Visto o informe xurídico do 11/01/18 e o informe de fiscalización do 05/03/18, dáse conta do informe-proposta do 07/02/18, asinado polo xefe de Área de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. ANTECEDENTES

I.1. A Xunta de Goberno Local, en sesión do 13.07.2012, adxudicou a CLECE, S.A o contrato do Servizo de intervención familiar do Concello de Vigo (Exp. nº 59058/301) por un prezo total de 1.967.105,28 €, IVE incluído.

I.2. O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (PCAP) que rexe o contrato estableceu a procedencia da revisión de prezos transcorrido un (1) ano desde a data de adxudicación e recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período que medie entre a data de revisión e a data de adxudicación do contrato, sempre que esta se produza no prazo de tres (3) meses desde a finalización do prazo de presentación de ofertas, ou respecto da data en que remate o dito prazo de tres (3) meses se a adxudicación se produce con posterioridade (Cláusula 29 PCAP e Apdo. 3.J) das FEC). No caso presente, ese prazo rematará o día 30.04.2011.

I.3. En Expediente nº 90178/301 aprobouse a 1ª revisión de prezos (período xullo/2011-outubro/2013). O prezo do contrato, tra-la revisión indicada, quedou fixado en 511.004,76 €.

I.4. En Expediente nº 105871/301 aprobouse a 2ª revisión de prezos (período outubro/2013-outubro/2014). O prezo do contrato quedou establecido entón en 510.544,86 €.

I.5. En Expediente nº 118833/301 aprobouse a 3ª revisión de prezos (período outubro/2014-outubro/2015). O novo prezo do contrato foi de 507.481,59 €.

I.6. En Expediente nº 132014/301 aprobouse a 4ª revisión de prezos (período outubro/2015- outubro/2016). O prezo do contrato quedou fixado en 510.526,48 €.

II. INFORME

II.1. O IPC no período xullo/2011-outubro/2017 experimentou unha variación do 6,1% segundo datos oficiais do INE.

Tabla

Cálculo de variaciones del Índice de Precios de Consumo (sistema IPC base 2016)

Variación del Índice General Nacional según el sistema IPC base 2016 desde **Julio de 2011** hasta **Octubre de 2017**

Indice	Porcentaje(%)
Nacional	6,1

II.2. Tal como se determina nos pregos do contrato, a revisión recollerá o 85% da variación experimentada polo IPC no período considerado (6,1%), quedando fixada, polo tanto, para os efectos do cálculo, no 5,18% sobre a cantidade a actualizar (491.776,31 €), que ascende a 25.474,01 €.

II.3. Así pois, o contrato, para o período novembro/2017-outubro/2018, pasa a ter un importe de 517.250,32 €.

II.4. Previamente á adopción do acordo que proceda pola XGL deberá emitir informe de fiscalización a Intervención xeral municipal (Art. 214 TRLRFL, D.Adic. 2ª, apdo. 8 TRLCSP e ccdtes.)

III. PROPOSTA

Visto o que antecede e a normativa aplicable; en especial, o PCAP que rexe o contrato (Cláusula 29 PCAP e Apdo. 3.J) das FEC), propónse á Xunta de Goberno Local (Art. 127 LRBRL e D.Adic. 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte,
«ACORDO

PRIMEIRO: Aprobar, para o contrato do Servizo de Intervención familiar do Concello de Vigo, adxudicado a CLECE, S.A. (NIF A-80364243), o incremento do prezo en 25.474,01 €, correspondente ó 85% da variación experimentada polo IPC nacional no período considerado (xullo/2011-outubro/2017), que se imputará á aplicación nº 2310.226.09.07 - "Programa menores-convenio infancia" dos orzamentos municipais. O contrato para o período novembro/2017-outubro/2018 pasa a ter un importe de 517.250,32 €.

SEGUNDO: Notificar este acordo ó contratista, con indicación de que contra él caberá interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o ditou no prazo dun mes ou ben, directamente, recurso contencioso-administrativo perante os xulgados do contencioso-administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos contados a partir do día seguinte á recepción da súa notificación. De se presentar o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou ben se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución (Arts. 123 - 124 da Lei 39/2015 e 8, 25, 46 e ccdtes. da Lei 29/98)».

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

5(225).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO» - AFAN PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DAS NECESIDADES BÁSICAS DE PERSOAS E FAMILIAS EN ESTADO DE NECESIDADE. EXPTE. 150569/301.

Visto o informe de fiscalización de 1/03/18, dáse conta do informe-proposta do 06/03/18, asinado pola xefa do servizo de Benestar Social, o xefe de Área, polo asesor xurídico adxunto á Xefatura de Benestar Social, a concelleira-delegada de Política Social e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

I. Na necesidade de atender ás persoas que se atopan en situación ou risco de exclusión social reside a conveniencia de artellar un sistema de axudas públicas a asociacións sen ánimo de lucro e institucións que teñan como obxectivo a atención inmediata a este colectivo.

II. A Concellería de Política Social do Concello de Vigo ven traballando desde hai tempo coa “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)”, entidade colaboradora que presta un servizo inestimable cubrindo, en parte, as carencias da estrutura municipal actual na atención ás necesidades básicas de moitas persoas e familias en situación de precariedade económica. Estímase conveniente a continuación desta colaboración para o exercicio de 2018.

III. Para tal efecto, no orzamento da Concellería de Política Social do ano 2018 existe consignación de crédito, na aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 - “*Convenio AFAN*” (55.000 €).

IV. O seu réxime é o de concesión directa a teor dos artigos 22.2 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e 19.4 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

V. A concesión desta subvención (nominativa) abeirase tanto na lexislación sectorial en materia de servizos sociais como na Disposición adicional 4ª da L.5/2014, do 27 de maio, do Parlamento de Galicia, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, na que se indica que as competencias que deberían asumir a Admón. da CA en materia de servizos sociais «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das facendas locais previsto nela*» e que «*non se entenderá como exercicio de novas competencias*», entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

VI. O 01.03.2018, a Intervención xeral municipal emitiu informe fiscalizando de conformidade o expediente sempre que con carácter previo ó sometemento deste á XGL se introducisen no clausulado do Convenio as adaptacións procedentes para dar cumprimento ó disposto no Art. 14.2 da LPACAP sobre a obrigatoriedade de que entidades como AFAN se relacionen electronicamente coas AAPP.

Esas adaptacións foron xa incorporadas ó texto do Convenio sometido agora á aprobación da XGL. En concreto, procedeuse a dar unha nova redacción á Cláusula décimo terceira, recollendo expresamente, tal como indica Intervención, a necesidade de presentar a conta xustificativa a través da sé electrónica do Concello de Vigo por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela e de achegar facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

Ó mesmo tempo, corrixiuse nesa Cláusula a data límite de presentación da documentación xustificativa, que será o 01.11.2018 e non o 15.11.2018, para poder dar así cumprimento ó indicado na Instrución do Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda do 14.02.2018, sobre operacións de xustificación de subvencións do exercicio orzamentario 2018.

VII. Figura tamén xa no expediente electrónico o correspondente documento RC (ref. 301/150569) por importe de 55.000 €, expedido con data 01.03.2018 (Núm. operación: 201800022752).

VIII. Esta nova proposta substitúe á formulada polas Xefaturas de Servizo e Área de Benestar Social en data 09.02.2018 (trámite nº 17), conformada polo Concelleiros delegados das Áreas de Política Social e Orzamentos e Facenda o 12.02.2018.

En consecuencia, visto o que antecede, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

«ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar o convenio de colaboración entre a Concellería de Política Social e a “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado» - AFAN (CIF G-36660348) para a atención inmediata das necesidades básicas de persoas e familias en estado de necesidade (ano 2018), que incorpora as modificacións/adaptacións indicadas pola Intervención xeral municipal no seu informe do 01.03.2018.

SEGUNDO.- Aprobar o gasto de 55.000€ con cargo á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 -*Convenio AFAN*– do orzamento vixente.

TERCEIRO.- Publicar a subvención concedida no “Portal da Transparencia e Bo Goberno” do Concello de Vigo (<http://transparencia.vigo.org>) e remitir a información precisa á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), na que se deberá rexistrar unha “*convocatoria instrumental*” e os datos estruturados inmediatamente despois da concesión».

Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime mais conveniente para os intereses municipais.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.



Concello de Vigo

«CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONCELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DO CONCELLO DE VIGO E A “ASOCIACIÓN FREIXEIRO DE AXUDA Ó NECESITADO (AFAN)” PARA A ATENCIÓN INMEDIATA DE PERSOAS E FAMILIAS EN SITUACIÓN DE NECESIDADE (2018)».

En Vigo, na Casa do Concello, o..... de..... de 2018

COMPARECEN

Dunha parte,

O Excmo. Sr. Alcalde – Presidente do Concello de Vigo, D. Abel R. Caballero Álvarez, asistido pola Secretaria de Goberno Local, D^a. M^a Concepción Campos Acuña.

Doutra parte,

D^a. Hortensia González Fernández, con DNI nº 35.914.549-A, presidenta da Asociación, con enderezo para os efectos de notificación na rúa Pastora nº 44 desta cidade.

INTERVEÑEN

D. Abel R. Caballero Álvarez, na súa condición de Alcalde – Presidente do Excmo. Concello de Vigo, no exercicio das facultades de representación atribuídas pola lexislación de Réxime local (Art. 61.1.a] da L.5/1997, do 22 de xullo, LALGA, e 124.4.a] da L.7/1985, do 2 de abril, LRBRL).

D^a. Hortensia González Fernández, actuando en representación da “Asociación Freixeiro de Axuda ó Necesitado (AFAN)” (CIF 36.660.348), segundo así resulta dos seus estatutos e dos acordos asemblearios adoptados, asegurando a comparecente que tales facultades non lle foron revogadas.

D^a. M^a Concepción Campos Acuña, Secretaria de Goberno Local, ós meros efectos de asistencia ó Sr. Alcalde – Presidente e dación da fe pública no outorgamento do presente documento.

Os comparecentes, no concepto en que interveñen, recoñécense recíprocamente a lexitimación e a capacidade legal necesaria para o outorgamento e formalización do presente Convenio e, como antecedentes e motivación deste acordo de vontades,

EXPOÑEN

I.- Que AFAN é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como obxectivo a atención e promoción das persoas necesitadas desde o principio da autodeterminación, facilitándolles os medios precisos ó seu alcance para o seu total desenvolvemento.

Esta Asociación procura satisfacer as necesidades básicas das persoas e familias en estado de necesidade, proporcionándolles alimentos, roupa e tamén pequenas axudas económicas para atender outras necesidades primarias como o pagamento dos subministros do fogar (luz, auga...) ou do alugamento. Constitúe, pois, un valioso recurso social dentro do sistema público de servizos sociais da cidade, moi utilizado e no que se traballa en contacto coas situacións reais das persoas en estado de necesidade.

II.- Que o Concello de Vigo é coñecedor da existencia dun colectivo de persoas en situación de emerxencia social que teñen a necesidade de acudir a este recurso para poder subsistir nunhas condicións mínimamente dignas, sendo complementario dos recursos e programas propios dos servizos sociais municipais.

III.- Que de acordo coa nova redacción do Art. 25.1 da LRBRL, o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo en todo caso, como competencias propias, nos termos da lexislación estatal e autonómica, en materias tales como: «*avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a personas en situación ou risco de exclusión social*»; servizo declarado obrigatorio para os municipios de poboación superior a 20.000 habitantes (Arts. 25.2.e] e 26.1.c] LRBRL).

A teor da reforma introducida pola L.27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sustentabilidade da Administración local (LRSAL), a competencia en materia de «*prestación dos servizos sociais, promoción e reinserción social*» residenciase agora na Admón. autonómica. Así e todo, a L.5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobada polo Parlamento de Galicia na súa sesión plenaria do 27.05.2014 (DOG nº 102, do 30.05.2014), considera que “*non se entenderá como exercicio de novas competencias*”, entre outras, a continuidade na prestación dos servizos xa establecidos e da actividade de fomento e a formalización de convenios de colaboración de concesión de subvencións (Art. 3.3.).

Ademais, sinala claramente que, con carácter xeral, as competencias atribuídas ás EELL pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL: «*continuarán exercédoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, sen prexuízo do disposto nas disposicións adicionais cuarta e quinta sobre a asunción pola Comunidade Autónoma das competencias relativas á educación, saúde e servizos sociais*»; e aclara que as competencias que a CA de Galicia deberá asumir en materia de educación, saúde e servizos sociais: «*continuarán sendo prestadas polos municipios mentres non se dean as condicións previstas para o seu traspaso na normativa básica e, en particular, o establecemento do novo sistema de financiamento autonómico e das fendas Locais previsto nela*» (Disps. Adics. 1ª e 4ª L.5/2014).

IV.- Que a L.13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, prescribe que os poderes públicos fomentarán no ámbito dos servizos sociais, o desenvolvemento de actuacións solidarias por entidades de iniciativa social sempre que se axusten ós requisitos de autorización, calidade e complementariedade establecidos na lei e que o cumprimento dos fins das entidades de iniciativa social promoverase mediante outorgamento de subvencións, que se concederán atendendo ó interese social dos distintos servizos e proxectos, á súa complementariedade coa oferta pública de servizos sociais, a calidade e ó carácter innovador das prestacións de servizos ofertados, á eficiencia no emprego de fondos públicos e á súa adecuación os obxectivos fixados pola planificación autonómica en materia de servizos sociais.

De feito, a propia L.13/2008 posibilita que, sen prexuízo da aplicación ordinaria do réxime aberto de concorrencia competitiva na xestión das subvencións, por razóns de interese público, debidamente xustificadas, poderanse subscribir convenios singulares con entidades



Concello de Vigo

de iniciativa social debidamente autorizadas para a prestación de servizos sociais cando por razóns humanitarias ou de emerxencia social, ou ben cando pola singularidade das características da entidade, a especificidade dos servizos que presta ou a especial vulnerabilidade das persoas usuarias, non sexa posible ou conveniente promover a concorrencia pública.

Estes convenios poderán ter carácter plurianual con vistas a garantir un marco estable que favoreza e facilite a mellor prestación dos servizos, plans e programas, sen prexuízo da súa posible resolución anticipada por incumprimento, por inexistencia sobrevida das razóns especiais que o xustificaron ou calquera outra causa establecida regulamentariamente ou no propio convenio.

V.- Que a subvención que se instrumenta mediante este Convenio de colaboración está prevista nominativamente nos orzamentos municipais para 2018, polo que ten a consideración de subvención directa segundo o disposto nos Arts. 28 da L.38/2003, xeral de subvencións e 26 da L.9/2007, de subvencións de Galicia, e, a mais abondamento, acredítanse razóns de interese público, social e humanitario para a súa concesión.

VI.- Que o presente convenio de colaboración contempla as prescricións que sinala a Base nº 40 das de Execución do Orzamento relativas a competencias de aplicación, contraprestación económica ós gastos que representa a acción a desenvolver, órgano de colaboración, seguimento da materia conveniada, aclaración de diverxencias, vixencia, etc.

Exposto o que antecede, as partes intervintes conclúen este convenio a fin de regular os termos da concesión da devandita subvención, con suxeición ás seguintes,

ESTIPULACIÓNS

PRIMEIRA.- Constitúe o obxecto deste Convenio de colaboración a regulación dos termos da concesión da subvención directa prevista nominativamente nos orzamentos xerais do Concello de Vigo a favor de AFAN para a atención inmediata de persoas e familias en situación de necesidade.

SEGUNDA.- AFAN comprométese a colaborar coa Concellería de Política Social do Concello de Vigo na atención ás persoas en situación ou risco de exclusión social e, concretamente, a:

1º) Admitir a todas as persoas e familias que accedan por primeira vez á solicitude de atención, remitíndoas cara os servizos sociais e atendéndoas nas súas necesidades básicas ata a súa inserción e aproveitamento dos recursos públicos que procedan en cada caso.

2º) Atender ás persoas que lle sexan remitidas desde o Departamento de Benestar social, con independencia das accións que habitualmente leva a cabo a propia Asociación, incluíndo na atención a entrega dun máximo de 50 bocadillos, de luns a sábado durante todo o ano, en horario de tarde, ás persoas que derive o Departamento para esta axuda en concreto.

3º) Colaborar, dentro das súas posibilidades, na coordinación dos recursos sociais participando na organización "REDESS"; en especial, incluíndo os datos da actividade na plataforma informática de "REDESS", administrada polo Departamento Benestar social do Concello de Vigo.

4º) Cumprir coas obrigas consignadas para as beneficiarias das subvencións no artigo 11 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

TERCEIRA.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a conceder directamente a AFAN unha subvención para o exercicio de 2018 por importe de 55.000€. O gasto imputarase á aplicación orzamentaria nº 2310.489.00.03 – “*Convenio AFAN*”.

CUARTA.- O réxime de pagamentos acordado é o seguinte:

- a) Un 50% da cantidade total á sinatura do Convenio. Ó concorrer razóns de interese público, social e humanitario que determinan a concesión da subvención e tendo en conta o carácter da beneficiaria como unha entidade non lucrativa adicada a desenvolver programas con fins sociais, que presenta necesidades financeiras demostradas que lle impiden realizar cos seus propios medios a actividade subvencionada, considérase necesario convenir un pago anticipado por importe do cincuenta por cento do total da subvención. De acordo co artigo 42 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de subvencións, as entidades non lucrativas que desenvolvan proxectos e programas de acción social quedarán exoneradas da constitución de garantías.
- b) O 50% restante unha vez xustificada a totalidade do importe do Convenio, mediante facturas orixinais ou demais documentos de valor probatorio equivalente con validez no tráfico xurídico mercantil e con eficacia administrativa, acreditativos dos gastos e presentación de Memoria anual. Ó anterior unirase unha certificación do cumprimento do Convenio asinada polo/a funcionario/a responsable do programa.

Para poder realizar o pagamento anticipado previsto será necesario que a entidade presente previamente unha declaración responsable de non está incurso en ningunha das prohibicións e/ou circunstancias indicadas no Art. 34.4 pfo. 3º da L.38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, como impeditivas para a realización de pagamentos anticipados a beneficiarios de subvencións.

QUINTA.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubitado respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen durante a VIXENCIA do Convenio (2018).

SEXTA.- Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra Administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais. Con todo, a beneficiaria deberá comunicar ó Concello de Vigo a obtención doutras posibles subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada.

Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

SÉTIMA.- En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no Art. 34 do RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento da Lei xeral de Subvencións.



Concello de Vigo

OITAVA.- Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos como integrantes da mesma, procederá a redución da subvención na mesma proporción.

A comunicación destas circunstancias ó Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

NOVENA.- No caso de que a entidade beneficiaria leve a cabo algún tipo de accións de publicidade ou difusión das actividades deberá dar a adecuada publicidade ó financiamento municipal da actividade subvencionada previa conformidade da Concellería de Política Social e incluír de maneira explícita os seus logotipos de identificación corporativa.

DÉCIMA.- Como mecanismo de coordinación para facer efectiva unha colaboración – supervisión crearase unha Comisión mixta de Seguimento que entenderá sobre os temas cotiás da actividade, coordinación e solución de controversias. Estará composta por dous representantes de AFAN e dous técnicos municipais de Benestar social, presidida polo/a Concelleiro/a responsable da Área de servizos sociais do Concello (ou persoa na que delegue).

DÉCIMO PRIMEIRA.- AFAN comprométese a someterse á lexislación vixente en materias sanitaria e de seguridade para as persoas usuarias do Servizo, facéndose responsable dos eventuais danos e perdas que se poidan derivar do seu incumprimento.

DÉCIMO SEGUNDA.- AFAN poderá contratar a cantas persoas crea adecuadas para a correcta execución deste Convenio, suxeitándose ás condicións laborais vixentes, sen que isto supoña a existencia de relación laboral de ningunha clase destas persoas co Concello de Vigo.

DÉCIMO TERCEIRA.- A beneficiaria comprométese a presentar antes do **01** de novembro de 2018 a documentación xustificativa do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos.

A tal efecto deberá presentar unha conta xustificativa na que deberá constar a declaración das actividades realizadas e dos gastos efectuados, procedencia e aplicación dos fondos propios e outras subvencións ou recursos que financiasen tamén a actividade subvencionada.

A documentación da conta xustificativa deberá **achegarse necesariamente a través da sé electrónica do Concello de Vigo (<https://sede.vigo.org/expedientes/sede/?lang=gal#2>) por calquera dos mecanismos de identificación admitidos nela** e incluírá unha relación de todos os xustificantes de pagamento dos gastos efectuados.

Os documentos que conformarán a xustificación da subvención serán:

- Unha memoria social xustificativa das actuacións desenvolvidas.

- Unha memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá:
 1. Unha relación clasificada dos gastos subvencionados, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe e data de emisión.
 2. Nóminas debidamente asinadas polo/a profesional contratado/a así como contrato de traballo; TC1, TC2 como documentos acreditativos do pagamento das cotas da Seguridade Social.
 3. Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.
 4. Unha declaración responsable do perceptor, acreditativa dos seguintes extremos:
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron aboadas ós seus expedidores ou, no seu caso, ós titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do IRPF e suxeitos a retención, que foi practicada a mesma, declarada, liquidada e ingresada na AEAT.
- Que se atopa ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para os efectos previstos no artigo 31 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia.

A xustificación deberá facerse con documentos orixinais pola parte subvencionada e con copias de facturas polo resto do orzamento. Poderase substituír a presentación de copias de facturas polo gasto do proxecto ou actividade non subvencionada pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto ou por unha certificación na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto da subvención foi executado na súa totalidade e o seu custo total (Base 38.4 execución orzamentos).

As facturas deberán recoller o número de CIF, a data, número de factura e o IVE. Estes xustificantes quedarán a disposición do Concello de Vigo. Non se admitirán facturas que non reúnan as esixencias previstas na normativa reguladora das obrigas de facturación (RD.1619/2012, do 30 de novembro). Nestas facturas computarase o gasto acreditado deducindo o IVE, a non ser que se xustifique a exención deste imposto.

Será esixible a achega de facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais en papel, reflectíndose nunha Táboa todos os gastos acreditados mediante as mesmas.

DÉCIMO CUARTA.- Antes de proceder ó pagamento da subvención a beneficiaria deberá acreditar estar ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro, o que poderá realizar por medio dunha declaración responsable, ó abeiro do Art. 31.7 e) da L.9/2007, de subvencións de Galicia.

DÉCIMO QUINTA.- A axeitada xustificación da subvención, a realización da actividade subvencionada e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión será comprobada polos servizos da Concillería de Política Social. O/a responsable técnico/a do Proxecto emitirá informe ó respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poi-



Concello de Vigo

dan resultar relevantes en orde a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

DÉCIMO SEXTA.- A beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Política Social e pola Intervención xeral municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

DÉCIMO SÉTIMA.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de mora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 33 da L.9/2007. Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa da actividade subvencionada, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

DÉCIMO OITAVA.- Canto ás infraccións e sancións en que poida incurrir a beneficiaria da subvención e ó procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ó disposto no Título IV da L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e nos preceptos da LRXSP (L.40/2015) e da LPACAP (L.39/2015) relativos ó exercicio da potestade sancionadora.

DÉCIMO NOVENA.- AFAN queda informada de que os seus datos e os do seu representante serán incorporados ós ficheiros municipais e de que a finalidade da súa recollida é a instrución do procedemento para a concesión da subvención obxecto do presente convenio, a práctica das publicacións, comunicacións e notificacións de obrigado cumprimento, o seguemento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na lei de subvencións de Galicia en orde á conclusión do proceso subvencional, polo que a súa achega é obrigatoria.

Estes datos serán tratados e protexidos de acordo co previsto na LPACAP e na LRXSP e, especificamente, na L.15/1999, do 13 de decembro, de Protección de datos de carácter persoal, sendo responsable do seu tratamento a Concellería de Política Social.

VIXÉSIMA.- A concesión da subvención obxecto deste Convenio rexerese pola L.38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD.887/2006, do 21 de xullo, polo que se aprobou o seu Regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do Estado en materia de réxime local, a L.9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da L.38/2003 e do RD.887/2006, polos pactos que se conteñen neste Convenio, as Bases de execución dos vixentes Orzamentos municipais e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

E en proba de conformidade, as partes asinan o presente documento por duplicado exemplar, no lugar e data expresados no encabezamento, de todo o que eu, como Secretaria de Goberno Local, dou fe.

6(226).- DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DO TRIBUNAL CENTRAL DE RECURSOS CONTRACTUAIS QUE DESESTIMA O RECURSO PRESENTADO CONTRA O ACTO DA MESA DE CONTRATACIÓN, DE 14/11/17, EN RELACIÓN CO CONTRATO DE “CONCESIÓN DE SERVIZOS DE ESTACIONAMENTO REGULADO E CONTROLADO NA VÍA PÚBLICA MEDIANTE PARQUÍMETROS”. EPXTE. 90514/210.

Dáse conta do informe-proposta de data 5/03/18, asinado pola xefa do Servizo de Contratación, que di o seguinte:

“1º.- Tomar razón da Resolución nº 164/2018 Do Tribunal Administrativo Central De Recursos Contractuales (TACRC), recaída no recurso nº 1281/2017, interposto por por D. Javier Nuevo García, en nome e representación de INGESER ATLÁNTICA, S. L, e D. José Luis Pérez Rebollo, en nome e representación de ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S. A., contra o acto da mesa de contratación, de 14 de novembro de 2017, pola que se exclúe á Unión Temporal de Empresas formada por ambas sociedades do procedemento de licitación do contrato de “concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros”, (Expediente 90514-210), Na mesma o TACRC desestima o recurso.

Transcríbese a continuación o acordo:

Primeiro. Desestimar o recurso especial en materia de contratación interposto por D.- Javier Nuevo García, en nome e representación de INGESER ATLÁNTICA, S. L, y D. José Luis Pérez Rebollo, en nome e representación de ESTACIONAMIENTOS IBERPARK, S. A., contra o acto da mesa de contratación, de 14 de novembro de 2017, pola que se exclúe á Unión Temporal de Empresas formada por ambas sociedades do procedemento de licitación do contrato de “concesión de servizos de estacionamento regulado e controlado na vía pública mediante parquímetros”, (Expediente 90514-210), licitado polo concello de Vigo, enclavado na Comunidade Autónoma de Galicia.

Segundo. Levantar a suspensión do procedemento producida de conformidade co artigo 47.4 del TRLCSP.

Terceiro. Declarar que non se aprecia a concorrencia de mala fe ou temeridade na interposición do recurso polo que non procede a imposición da sanción prevista no artigo 47.5 del TRLCSP.

2º.- Dar traslado do expediente ao servizo de Contratación aos efectos de continuar coa tramitación do presente expediente”.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda informada.

7(227).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE HUMANIZACIÓN DA RÚA MARÍA BERDIALES. EXPTE. 4925/440.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/18, dáse conta do informe-proposta de data 26/02/18, da secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:



Concello de Vigo

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 26 de febreiro de 2018, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 15 de febreiro de 2018, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) na seguinte orde descendente:

	Licitadores	Puntuación
1	CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A.	93,42
2	PLANIFICACIÓN, DESARROLLO Y GESTIÓN DE CONSTRUCCIONES, S.A. (GPD CONST. S.A.)	92,92
3	CONST. CASTRO FIGUEIRO, S.L.U.	92,80
4	ACTIVIDADES DE CONSTRUCCIÓN, EDIFICACIÓN Y VIALES, S.L.(ACEVI)	91,93
5	ORESA, S.L.	91,89
6	SERVICIOS MEDIOAMBIENTALES DEL MIÑO, S.L.	91,75
7	EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	91,45
8	EXPLOTACIONES MEDIOAMBIENTALES, S.L.U.	90,78
9	COPCISA, S.A.	88,18
10	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES B.C., S.L.	85,69
11	CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	85,53

Segundo.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Terceiro.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.023,76 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., o día 16 de febreiro de 2018, que presenta a documentación requirida o 22 de febreiro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 22 de febreiro de 2018 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por CONSTRUCCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 1 e 9 de febreiro de 2018, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.



Concello de Vigo

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. o procedemento aberto para a contratación das obras de humanización da rúa María Berdiales (4.925-440) por un importe total de 153.177,30 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 26.584,49 euros.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(228).- ACEPTACIÓN DA RENUNCIA Á AXUDA CONCEDIDA NO PROGRAMA AXUDAS MUNICIPAIS Á CREACIÓN DE EMPRESAS 2017 POLA EMPRESA MARTINESA ALIMENTACIÓN S.L. EXPTE. 13824/77.

Visto o informe de fiscalización do 26/02/18, dáse conta do informe-proposta do 11/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego e o concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 02.11.2017, acordou o outorgamento das Axudas Municipais á Creación de Empresas do ano 2017 (Exp-te. 13824/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PUNTUAC. BARE-MO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
14214/77	MARTINESA ALIMENTACIÓN, SL	B27831619	22	2.276,63 €

De conformidade coa base 3.1 Instrución e tramitación das axudas e a base 6.2 Publicación das subvencións outorgadas, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas municipais á creación de empresas 2017, con data do 02.11.2017 notificouse ao solicitante e publicouse no taboleiro de editos do concello e na páxina web www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requirimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda.

Con data do 10.11.2017 e núm. de rexistro de entrada 170156265 a empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619 achegou, dentro do prazo establecido ao efecto, un documento informando da próxima venda do 100% das participacións dos socios a outros promotores, polo que entenden que deben desistir da axuda concedida e solicitan que “... sexa revisado este tema e confírmellenos o resultado final por parte do Concello respecto desta venda de participacións”.

A venda do 100% das participacións dos socios promotores solicitantes da subvención outorgada, determinaríase o incumprimento do previsto no apartado 1.4 das bases reguladoras da convocatoria, xa que de acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán **obrigas da empresa beneficiaria**, cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión da subvención.

Xa que logo, con data do 12.12.2017 e rexistro de saída número 38937 remitiuse requirimento para "... a acreditación da venda da empresa a outros promotores e a formulación da renuncia da axuda outorgada", indicando o prazo para a presentación da devandita documentación e advertindo expresamente de que no caso contrario procederíase segundo o establecido na base 8.1 Perda do dereito ao cobro e ao abeiro da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007 de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Con data do 20.12.2017 e rexistro de entrada número 170178560 a empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619 achegou, dentro do prazo establecido ao efecto, o documento acreditativo da venda do 100% das participacións dos promotores, manifestando que ao seu entender deben *DESISTIR DA AXUDA CONCEDIDA*.

Xa que logo, ao abeiro do disposto no artigo 94 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (LPAC), todo interesado poderá desistir da súa solicitude ou, cando non estea prohibido polo ordenamento xurídico, renunciar aos seus dereitos, podendo facerse por calquera medio que permita a súa constancia, sempre que incorpore as sinaturas que correspondan de acordo co previsto na normativa aplicable.

A administración aceptará de plano o desistimento ou a renuncia, e declarará concluso o procedemento, coas salvidades previstas nos apartados 4 e 5, podendo limitar os efectos do desistimento ou a renuncia ao interesado e seguir co procedemento.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aceptar o escrito achegado en data do 20.12.2017 e rexistro de entrada número 170178560, pola empresa Martinesa Alimentación, SL co NIF B27831619, manifestando que deben desistir da axuda concedida por acordo da Xunta de Goberno Local do 02.11.2017 (expte. 13824/77), de acordo coa regulación sobre desistimento e renuncia polos interesados no procedemento prevista no artigo 94 da LPAC, con motivo da venda do 100% das participacións dos socios promotores de dita empresa en data 15/12/2017, segundo resultou acreditado no expediente 14214/77.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado.

TERCEIRO.- Proceder á anulación do documento de compromiso de gasto D 201700104220 correspondente.



Concello de Vigo

CUARTO.- Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(229).- PROPOSTA DE REVOGACIÓN DE AXUDA CONCEDIDA Á EMPRESA EIMSKIP LOGISTICS SPAIN SL AO ABEIRO DAS AXUDAS Á CONTRATACIÓN E MELLORA DO EMPREGO DA MOCIDADE VIGUESA. EXPTE. 13823/77.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 26/02/18, dáse conta do informe-proposta do 10/01/18, asinado pola técnica de Admón. Xeral, o xefe do Servizo de Emprego e polo concelleiro-delegado da Área, que di o seguinte:

A Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, na súa sesión ordinaria do 11.10.2017, acordou ou outorgamento das Axudas á Contratación e Mellora do Emprego da Mocidade Viguesa do ano 2017 (Expte. 13823/77).

No acordo propónse a concesión, entre outras, da solicitude seguinte:

EXPTE.	SOLICITANTE	CIF	PROGRAMA SOLICITADO	SUBVENCIÓN A CONCEDER
14164/77	EIMSKIP LOGISTICS SPAIN, SL	B36959807	Indefinidos	2.500,00 €

De conformidade coa base 4.1 Instrución e tramitación das axudas e a base 6.2 Publicación das subvencións concedidas, das Bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa 2017, con data do 11.10.2017 notificouse ao solicitante e publicouse no taboleiro de editos do concello e na páxina web www.vigo.org a resolución relativa ao outorgamento destas axudas e ao requirimento da documentación xustificativa correspondente, necesaria para o pagamento da axuda.

Con data do 25.10.2017 e núm. de rexistro 170145582 a empresa Eimskip Logistics Spain, SL co CIF B36959807 presentou, dentro do prazo establecido ao efecto, a documentación acreditativa da baixa voluntaria da traballadora pola que se solicitou a axuda con efecto desde o 13.10.2017 e a solicitude de "...optar a la parte proporcional de la subvención concedida".

Revisado o expediente 14161/77 a nome de Eimskip Logistics Spain, SL e a documentación aportada no documento 170145582 compróbase que ao abeiro do disposto na base 2ª,

apartados a.4.5 e a.5 e a base 5ª a das bases reguladoras e convocatoria, ademais da regulación contida nos artigos 34, 37 e 42 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e os artigos 31, 33 e 38 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia:

- A empresa non achega a documentación requirida para a xustificación da subvención.
- A transformación da modalidade de contrato a indefinido realizouse o 25.01.2017 e a baixa da persoa traballadora produciuse o 13.10.2017 polo que o período desde a transformación da modalidade de contrato é inferior a un ano e incumpre a base 2ª, apartado a.4.
- Ante a baixa voluntaria da traballadora pola que se lle concedeu a axuda non proceden segundo o establecido na base 2ª, apartado a.5 Alteración das condicións de concesión para a cobertura deste posto por unha nova persoa traballadora.

Ao non aportar a documentación necesaria para a xustificación da subvención concedida nin proceder á substitución da persoa traballadora que causou baixa, ademais de que o tempo transcorrido desde a transformación do contrato temporal en indefinido é inferior a un ano segundo establecen as bases reguladoras e a convocatoria procedeu instruír un expediente de perda do dereito ao cobro da subvención outorgada, en aplicación da base 5ª a, e a apertura do trámite de audiencia á interesada previo a súa proposta de resolución segundo consta no expediente 14161/77.

Transcorrido o prazo sen que a interesada presentase alegación algunha procede a revogación e a perda do dereito ao cobro da axuda outorgada.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Revogar a subvención outorgada por acordo da Xunta de Goberno Local do 11.10.2017 coa correspondente perda do dereito ao cobro da axuda á empresa Eimskip Logistics Spain, SL co CIF B36959807 (expte. 14164/77), por incumprimento da base 2ª, apartados a.4.5 e a.5 e a base 5ª segundo ás bases reguladoras e convocatoria das Axudas á contratación e mellora do emprego da mocidade viguesa para o ano 2017.

SEGUNDO.- Dar conta á empresa do acordo adoptado.

TERCEIRO.- Proceder á anulación do documento de compromiso de gasto D 201700099322 correspondente.

CUARTO.- Contra a presente resolución cabe interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición Contencioso-Administrativa. Poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Acordo



Concello de Vigo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

10(230).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO DE “CONSTRUCCIÓN DA PISTA DE PARKOUR NO PARQUE DE NAVIA”. EXPTE. 9982/446.

Visto o informe de fiscalización do 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 23/02/18, asinado polo xefe do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, o xefe de Área de Servizos Xerais, a técnica de Admón. Xeral e o concelleiro-delegado de Parques e Xardíns, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

- 1.- O orzamento municipal, aprobado definitivamente polo Concello-Pleno, en sesión de 27 de decembro de 2017, recolle dentro do capítulo 6 “INVERSIÓNS REAIS” a aplicación orzamentaria 1710.6190000 “Melloras Inst. Deportivas nos Parques”.
- 2.- Para levar a cabo esta actuación, o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, por resolución de data 22 de agosto de 2017, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 8.470,00 euros, para a redacción do proxecto de “*Construcción de pista de parkour no parque de Navia*”, a prol da empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medioambiente, SL (OTIMA), (expte. 9716/446).
- 3.- O proxecto presentado pola empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medioambiente, SL (OTIMA), en cumprimento do contrato, redactado polos enxeñeiros don Santiago N. López Fontán e don Ignacio Teijeiro Calvo, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de CIENTO NOVENTA E TRES MIL CIENTO DEZANOVE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (193.119,90 EUROS) e data outubro 2017.
- 4.- O xefe de Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 16 de novembro de 2017, informou que o proxecto de “*Construcción de pista de parkour no parque de Navia*” presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado do Servizo de Montes, Parques e Xardíns, con data 16 de novembro de 2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.
- 5.- O xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, en data 5 de xaneiro de 2018, emitiu informe co seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES:

A empresa ORDENACION TERRITORIAL INFRAESTRUCTURAS E MEDIOAMBIEMTE S.L. (OPTIMA), presenta, para a supervisión do borrador presentado, proxecto de “CONSTRUCCION DUN PARQUE DE PARKOUR NO PARQUE DE NAVIA”, redactado polos Enxeñeiro de Camiños Canles e Portos Santiago N. López Fontán e Ignacio Teijeiro Calvo, cun orzamento base de licitación máis IVE de CIENTO NOVENTA E TRES MIL CIENTO DAZANOVE €UROS CON NOVENTA CENTIMOS (193.119,90 €UROS) e data Outubro de 2017.

Con data 03/01/2018 mediante dilixencia polo Xefa de Laboratorio Municipal, adxunta ao Xefe de Servizo de Montes, parques e Xardins, remítese o expediente a oficina de Supervisión de proxectos,

DESCRIPCIÓN DAS OBRAS:

A actuación se desenrola no parque de Navia e comprende as seguintes actuacións:

- Efectuarase unha pequena explanación, coa finalidade de establecer unha subbase de zahorra, sobre a que disporá unha capa de formigón y sobre ella un pavimento de seguridade continuo de caucho de 8 cm. De espesor.
 - Plantexase unha rede de recollidas de augas pluviales mediante rede de drenaxe soterrado, e a súa canalización a rede existente, mellora de alumado actual mediante postes de aceiro de uns 15 mts. De altura coa luminarias correspondentes e canalización necesaria para a su conexión a o alumbrado público existente.
 - Efectuaranse modulos, de formigón armado estruturas tubulares e pivotes, segundo as definicions indicadas nos planos, como elementos integradores do parque en si
- O prazo estimado para a execución das obras descritas é de CUATRO meses.

INFORME:

A vista de que as obras propostas segundo o presuposto adjunto, excluido o IVA e de 159.603,22 €uros, inferior a 350.000,00 €uros o proxecto presentado segundo a descripción do mesmo non afecta a estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra.. e polo tanto segundo determina o art. 125 do "Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos do Sector Público" non e preceptivo nin necesario o informe de supervisión.

Nas especificacions do proxecto, non consta valor nin condicións técnicas do pavimento de caucho que se sinala na memoria descriptiva apartado 5.2.2. si ben no apartado 7, da memoria indicase que os elementos de acabado e mobiliario urbano " están definidos noutro proxecto" Tamén no apartado 21 da memoria contradí a o anexo 4 (en canto a protección arqueolóxica).

CONCLUSIÓN:

A sua vez tendo en conta as determinacions que fixa o art 123.2 desta ley, os documentos a presentar poderan simplificarse. Neste caso presentan documentos de Memoria descriptiva e constructiva que recolle entre outros plan de excución, tratamento de residlos y estudio de seguridad e saude, Planos, pliego de condicións e Presupuesto."

6.- En data 30 de xaneiro de 2018, o xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. E Asis. Municipal, informa o seguinte:

"A vista da dilixencia do Xefe do servico de Montes Parques e Xardíns data 23/01/2018 e visto o no documento de proxecto presentado.

INFORMASE:

O novo documento presentado ten a mesma data e presuposto final que o que se referencia no meu informe de data 05/01/2018.

Así no apartado 21 da memoria corríxese a expresión da protección arqueolóxica y en consecuencia non contradí a o anexo nº 4

No que respecta a o apartado 5.2.2, de acabado de pavimento en caucho este consta de valoración na partida 2.2 do presuposto. E que figura no cadro de precios co nº 24."

7.- En data 2 de febreiro de 2018, a entidade Ordenacion Territorial Infraestructuras e Medioambiente S.L. (OPTIMA), presentan un escrito (doc. 180019030) no que achegan o anexo 4 modificado, ao terse detectado un erro nas fichas do planeamento urbanístico.

8.- En data 8 de febreiro de 2018, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial emite informe co seguinte teor literal:



Concello de Vigo

*“(…) Feitas as comprobacións oportunas o inspector de Patrimonio Histórico informa que no lugar e na contorna onde pretenden executar a obras de construción dunha pista de parkour, **na actualidade non existe ningún elemento etnográfico**. O elemento que aparece na cartografía coa clave (01-1585) é un hórreo recollido no “INVENTARIO ETNOGRÁFICO DE VIGO” ficha (H- Comesaña – 2), que foi **trasladado á alameda da contorna da “Asociación de Veciños de Navia”** nas datas da urbanización do PAU de NAVIA.”*

9.- En data 13 de febreiro de 2018, a entidade Ordenación Territorial Infraestructuras e Medioambiente S.L. (OPTIMA), presentan un escrito (doc. 180023884), no que achegan CD co proxecto íntegro, e data febreiro 2018.

10.- O enxeñeiro industrial do Servizo de Montes, Parques e Xardíns emite informe, en data 19 de febreiro de 2018, co seguinte teor literal:

“En data 13 de febreiro de 2018, a entidade mercantil Ordenación Territorial Infraestructuras e Medioambiente, SL (OTIMA), presenta un escrito (doc. 180023884) no que achega CD co proxecto íntegro, de data febreiro 2018.

Examinada a documentación presentada, o técnico que subscribe informa que o proxecto inclúe as modificacións reflectidas no informe do xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal, de data 30 de xaneiro de 2018, e o anexo 4, presentado pola mercantil en data 2 de febreiro de 2018 (doc. 180019030), ao terse detectado un erro nas fichas do planeamento urbanístico presentadas.

En resumo, a documentación contida no proxecto de data febreiro 2018 é exactamente igual á informada polo xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos, I.T.O. e Asis. Municipal nos seus informes de datas 5 de xaneiro de 2018 e 30 de xaneiro de 2018.”

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO:

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir un proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos especifícanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro-

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reúne o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª.3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto de “*CONSTRUCCIÓN DE PISTA DE PARKOUR NO PARQUE DE NAVIA*”, de data febreiro de 2018, presentado pola empresa Ordenación Territorial, Infraestructuras e Medioambiente, SL (OTIMA), redactado polos enxeñeiros don Santiago N. López Fontán e don Ignacio Teijeiro Calvo, cuxo orzamento base de licitación, IVE engadido, é de CENTO NOVENTA E TRES MIL CENTO DEZANOVE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (193.119,90 EUROS)

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

11(231).- SOLICITUDE DE PRÓRROGA DA CONCESIÓN ADMINISTRATIVA PARA A OCUPACIÓN DE TERREOS NA ZONA MARÍTIMA TERRESTRE DA RÍA DE VIGO (COMPLEXO DEPORTIVO DE SAMIL) EXPTE. 20060/240.

Visto o informe-proposta de data 28/02/18, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa de Área de Xestión Patrimonial e Territorial e polo concelleiro-delegado de Patrimonio, que di o seguinte:

NORMATIVA DE APLICACIÓN:

- L 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Reximen Local (LRBRL).
- L 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- L 22/1988 de 28 xullo, de Costas.(LC).
- L 2/2013 de 29 maio, de Protección e Uso Sostenible do Litoral e modificación da L22/1988 de Costas (LPUSL)
- RD 876/2014/1986 de 10 de outubro, o Regulamento Xeral de Costas (RXC).
- OM de 14/12/1964 do Ministerio de Obras Públicas, da autorización administrativa para a ocupación da zona marítimo terrestre da Ría de Vigo.
- OM de 3/12/1974 do Ministerio de Obras Públicas, da autorización administrativa para a construción dun Complexo PolidDeportivo na praia de Samil.



Concello de Vigo

INFORME-PROPOSTA:

ANTECEDENTES DE FEITO:

PRIMEIRO.- Por Orden Ministerial de data 14 de decembro do 1964, o Ministerio de Obras Publicas otorgou a esta administración municipal unha concesión administrativa para a ocupación de terreos na zona marítimo terrestre da ría de Vigo, na praia de Samil, para a realización de obras de urbanización.

Así mesmo, o 3 de decembro de 1974 dictouse outra O.M. pola que autorizouse a construción do actual Complexo Deportivo de Samil sobre ditos terreos, dentro da concesión administrativa otorgada na O.M. do 14/12/1964 e con suxección a todas as condicións establecidas na mesma.

SEGUNDO: O Centro Deportivo Municipal de Samil consta de alta co n.º de propiedade 000107 do Ep. I Inmubles e natureza xurídica demanial-Servizo Público, no Inventario Municipal de Bens e Dereitos desta Administración.

TERCEIRO.- Polos arquitectos municipais da oficina de Obras e Proxectos da Xerencia de Urbanismo, informouse en data 26 de febreiro do 2018 sobre as edificacións e usos existentes na zona de concesión otorgada pola OM de 3/12/1974 para a construción dun complexo deportivo na praia de Samil, sinalando que:

Por Orde Ministerial do 3 de decembro de 1974, o Ministerio de Obras Públicas otorgou concesión administrativa ó Concello de Vigo para construír un complexo polideportivo na praia de Samil ocupando terreos que se atopan na zona marítimo terrestre.

O proxecto da zona deportiva foi redactado en febreiro de 1972 polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D.José García Sáenz-Díez do que se achega copia do plano de distribución.

*Contemplábase a construción dun campo de fútbol con graderío, 5 pistas de tenis, dúas pistas polideportivas, un espazo de patinaxe, un espazo para piscinas cun vaso grande de 50,00 * 25,00 m e un vaso pequeno para uso infantil e diversas construcións que acollían espazos de servizo coma cafetería, almacén, vestiarios, etc.*

A superficie total do ámbito acadaba os 34.930,00 m².

A instalación existente na actualidade conserva tanto o ámbito do espazo deportivo coma os usos deportivos contemplados na concesión con superficies deportivas coma o campo de fútbol e as pistas de tenis e padel. Os vasos das piscinas aproveitáronse no seu día para ubicar dúas pistas de tenis suprimindo o uso de piscina pública.

Por outra banda, alguna das construcións inicialmente planteadas no proxecto do ano 1972 non existen na actualidade, coma por exemplo é o caso dos vestiarios das pistas polideportivas, o almacén ou o recinto de depuración.

Achegamos plano da situación actual do complexo deportivo no que se pode comprobar que se corresponde ca concesión concedida no ano 1974.

Por último, atendendo ó indicado no Artigo 174 do R.D. 876/2014 de 10 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral de Costas consideramos que a prórroga que podería

concederse a esta instalación deportiva de uso público podería ser de 50 anos, xa que se trata dunha infraestrutura dotacional pública.

FUNDAMENTOS DE DEREITO:

PRIMEIRO.- A concesión administrativa otorgada na OM do ano 1964 establece na súa condición 1ª que a mesma se otorga a título de precario e polo prazo de 99 anos, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen perxucio de terceiro, sin cesión do dominio público nin das facultades dominicais do Estado e con suxección ó disposto na Lei de Portos e no regulamento para a súa execución (...).

SEGUNDO.- En relación ao prazo polo que foi otorgada e que igualmente rixe para a OM do ano 1974 que autorizou a construción do actual complexo deportivo de Samil, procede sinalar que a lexislación ditada con posterioridade a ditas O.M. modificaron os prazos de duración das concesións demaniais, resultando afectado o inicialmente previsto neses títulos.

Así a Lei 22/1988 de Costas, dispoñe no art. 66.2 - na súa redacción orixinal, antes da modificación introducida pola Lei 2/2013 de Protección e Uso Sostenible do Litoral- que o *prazo das concesións será o que se determine no título correspondente. Regulamentariamente, establecerase os prazos máximos de duración das concesións en función dos usos a que as mesmas se destinen. En ningún caso estos prazos poderan exceder de trinta anos.*

O RD 1471/1989, polo que aprobouse o Regulamento Xeral de Costas que desenvolve dita lei, dispoñía xa na DT 14, apartado 3 que *considerarase en todo caso incompatible cos criterios de ocupación do dominio público establecidos na Lei de Costas o mantemento de concesións a perpetuidade, por tempo indefinido, sin prazo limitado ou por prazo superior a trinta anos, a contar dende a entrada en vigor da Lei, sempre que non haxan superado o prazo máximo de noventa e nove anos. En todos estos casos, as concesións vixentes se entenderán otorgadas polo prazo máximo de trinta anos, a contar dende a entrada en vigor da Lei de Costas.*

Esta nova regulación legal das concesións supuso unha redución do prazo polo que poidan ser autorizadas as ocupacións do dominio público marítimo terrestre, pasando a fixarse nun máximo de 30 anos dende a entrada en vigor da lei de Costas do 88, e sendo de aplicación non só as novas concesións otorgadas consonte a nova lei, senon as anteriores que estiveran en vigor nese intre e concedidas por un prazo superior a trinta anos, o que acontece no presente caso coas concesións de Samil referidas.

O novo Regulamento Xeral de Costas (RD 876/2014 do 10 de outubro), que substitúe ao anterior de 1989, mantén dita regulación do prazo máximo, sinalando que as concesións vixentes antes do 29 de xullo de 1988 enténdense otorgadas polo prazo máximo dos trinta anos a contar dende dita data, engadindo a posibilidade da súa prórroga dacordo co previsto no art.2 da Lei 2/2013.



Concello de Vigo

TERCEIRO.- No que atinxe á prórroga das concesións otorgadas con anterioridade a Lei, como quedou dito, esta prevista na Lei 2/2013 de Protección e Uso Sostenible do Litoral e modificación da Lei de Costas, e a fixa nun prazo máximo de 75 anos.

Así, o seu art. 2 dispón que as concesións para a ocupación do dominio público marítimo-terrestre existentes, otorgadas antes da entrada en vigor da Lei, poderan ser prorrogadas a instancia do seu titular, poidendo solicitarse dende a súa entrada en vigor e, en todo caso, antes de que se extinga o prazo para o que foi concedida. O Prazo da prórroga computarase dende a data da solicitude, con independencia do prazo que reste para a extinción da concesión que se prorroga. A prórroga en ningún caso excederá de setenta e cinco anos.

O actual Regulamento Xeral de Costas, no capítulo VII, regula o procedemento para as prórrogas das concesións otorgadas ó amparo da normativa anterior á Lei 2/2013, fixando os prazos máximos polo que poden ser concedidas en función dos usos aos que destinasen, así como os criterios a ter en conta para graduar estes, e requerindo, en calquera caso, que as instalacións e obras acometidas durante a vixencia da concesión se axusten ao previsto no título concesional.

Neste senso, foi emitido o informe dos servizos técnicos municipais reseñado nos antecedentes do presente, no que fan constar que a instalación existente na actualidade do complexo deportivo de Samil conserva tanto o ámbito do espazo deportivo coma os usos deportivos contemplados na concesión, correspondéndose coa concedida no ano 1974, polo que ó tratarse dunha infraestrutura dotacional pública podería prórrogarse polo prazo de 50 anos.

CUARTO.- A teor do exposto, pódese concluir que o prazo de vixencia da concesión administrativa otorgada por OM de 14/12/1964 para a ocupación dos terreos sobre os que situase na actualidade o Complexo deportivo de Samil non é o inicial dos 99 anos fixado no seu clausulado, senon o dos 30 anos previsto na Lei de Costas, e computándose dende a entrada en vigor de dita Lei (29/7/1988), polo que o vindeiro 29 de xullo vencería dito prazo concesional.

Conseguentemente, atendendo aos fins de interes xeral aos que dedicase as instalacións de Samil como equipamento deportivo público, procede solicitar do Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente, a prórroga das concesións administrativas otorgadas a esta administración municipal por OM de 14/12/1964 e 3/12/1974 do Ministerio de Obras Públicas, para a ocupación de terreos na zona marítimo terrestre da ría de Vigo, na praia de Samil, polo seu prazo máximo legal.

Por todo o anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno, a adopción do seguinte acordo:

“UNICO.- Solicitar do Ministerio de Agricultura e Pesca, Alimentación e Medio Ambiente, a prórroga do prazo da concesión administrativa otorgada por Orden Ministerial de data 14 de decembro do 1964 para a ocupación de terreos na zona marítimo terrestre da ría de Vigo, na praia de Samil, e a dó 3 de decembro de 1974, pola que autorizouse a construción do actual Complexo Deportivo de Samil, cuías instalacións axustanse ás autorizadas, consonte ao informado polos servizos técnicos.”

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

12(232).- CONTINUIDADE DOS CONTRATOS DE ARRENDAMENTO, SERVIZOS E SUBMINISTRACIÓNS OUTORGADOS POR PAZO DE CONGRESOS DE VIGO, S.A. PARA A EXPLOTACIÓN DO AUDITORIOPAZO DE CONGRESO DE VIGO E ZONAS COMPLEMENTARIAS, TRAS A RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE CONCESIÓN. EXPTE. 1750/330.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 23/02/18, dáse conta do informe-proposta do 19/02/18, asinado polo responsable do contrato e o concelleiro-delegado de Cultura, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Por Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016 Sección V Convenio, abriuse a fase de liquidación do dito concurso, por non terse presentado en prazo legal propostas de convenio, declarouse disolta a concursada e resolto, por ministerio da Lei, con efectos concursales (obrigacionais e crediticios no patrimonio da concursada) desde a dita resolución concursal, o relativo ao contrato concesional formalizado entre o Concello de Vigo e a concursada, asinado o 2 de maio de 2006.

No mesmo Auto dispónse o cese total da actividade de Pazo de congresos de Vigo, S.A. e a entrega da obra pública ao Concello de Vigo no prazo que finaliza o 31 de marzo de 2018.

Segundo.- Con data 6 de febreiro de 2018, o administrador concursal presentou ante esta administración municipal escrito no que tras expoñer as actuacións producidas no procedemento concursal ata chegar ao auto de liquidación da concursada, arriba referido, ditado no procedemento do concurso, relaciona todos os contratos —de seguro, subministro, mantemento e alugamento— asinados por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para o mantemento e explotación da obra pública, con indicación dos seus principais elementos, aos efectos de proceder a coordinación entre a concursada e o Concello de Vigo para dar traslado a este da xestión e da posesión da obra pública.

Terceiro.- Os devanditos contratos son os que seguen:

a) Contratos de subministro e de seguro

(i) Contrato para o subministro de enerxía eléctrica ás instalacións de Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e ENDESA, o 11 de abril de 2017, relativo ao subministro de enerxía eléctrica á instalación sita en Avenida Beiramar 57, Vigo.

(ii) Contrato de subministro asinado con Gas Natural, con número de CUP ES0224050034556977QP, para o subministro de enerxía eléctrica ao edificio do Auditorio-Pazo de Congresos, sinalado co número 59 da Avda. De Beiramar, en Vigo.



Concello de Vigo

(iii) Contrato de subministro de auga e saneamento asinado con Aqualia.

(iv) Póliza de seguro de responsabilidade civil, número 061 0000759, asinada con QBE Insurance Ltd, suplemento nº 6, que cubre o primeiro trimestre do 2018 sendo a prima 2.461,66 euros.

(v) Póliza de seguro de danos materiais, número SP040000479.17, asinada coa mercantil Royal & Sun Alliance que cubre o primeiro trimestre do 2018, sendo a prima 8.725,01 euros.

b) Contratos de mantemento e xestión.

(vi) Contrato de prestación de servizos, asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U., o 1 de xaneiro de 2015, para a xestión integral dos edificios do complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo e zonas complementarias. A xestión integral comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade dos edificios.

O prezo pactado no contrato é de 177.056,20 euros anuais, IVA non incluído.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.

Con data 15 de decembro de 2015, Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. asinaron unha addenda ao anterior contrato co fin de estender a prestación dos servizos obxecto deste á zona de oficinas, de proximo destino a sede da Aula da UNED en Vigo. O prezo desta ampliación da prestación inicialmente contratada ascendía a 24.389 euros ao ano, IVE excluído.

(vii) Contrato de prestación de servizos asinado entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities, S.A.U. o 1 de xaneiro de 2015, relativo á xestión integral do aparcadoiro público do Complexo do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo, xestión integral que comprende a supervisión, control e coordinación dos servizos, o mantemento das instalacións, a limpeza e a seguridade do aparcadoiro, e a atención e operación do centro de cobro e a xestión dos caixeiros automáticos.

O prezo pactado no contrato é de 35.932,59 euros anuais, IVA non incluído.

O contrato prevé un prazo inicial dun ano que rematou o 31 de decembro de 2015 e prórrogas sucesivas tácitas anuais, nas que o prezo revisarase conforme ao IPC.

O Administrador concursal canto ao prezo e a situación acreedora fai constar o que segue:

«Precio mensual. El importe mensual es de 15.175,32 euros por el complejo del auditorio, 1.264,36 euros por las oficinas y 1.492,95 euros como se deduce las facturas adjuntas de diciembre de 2017.

Situación acreedora. La concursada debe los últimos dos meses de facturación como créditos contra la masa y el importe de 87.191,20 euros como créditos concursales».

c) Contratos de arrendamento.

(viii) O 17 de febreiro de 2014 Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinou un contrato de arrendamento do edificio con destino a hotel con BOREALIS HOTELS SLU e HOTELES TURISTICOS REUNIDOS, S.A. (HOTUSA).

O prazo do arrendamento finaliza o 31 de marzo de 2021 sen que se prevean prórrogas.

A renda do arrendamento componse dunha renda fixa que forma parte doutra renda variable.

A renda fixa é, na actualidade, de 40.616,34 euros, segundo a copia da factura que adxunta o administrador concursal. Esta renda actualízase anualmente con arranxo ao IPC.

A renda variable será esixible aos 20 días da finalización de cada ano do contrato e consistirá no importe que resulte de aplicar o 22% a facturación neta anual por todos os conceptos de explotación do hotel, minorada na renda fixa ou mínima garantida en cómputo anual do ano en curso e so se devindicará cando esta cifra sexa positiva.

O administrador concursal informa que a arrendataria non debe ningunha renda a data da presentación do seu escrito

(ix) Coa mesma data que o anterior, o 17 de marzo de 2014, Pazo de Congresos de Vigo, S.A. asinou un contrato de arrendamento dos espazos destinados a Auditorio-Palacio de Congresos do complexo e do local, de aproximadamente 579 m² de superficie, destinado a cafetería, na cota + 8.5, con ORGANIZACIÓN DE IDEAS DE ÉXITO, S.L. que sucedeu a Congrevigo, S.L. na explotación do no Auditorio-Pazo de Congresos.

O prazo de duración inicial finaliza o 28 de febreiro de 2019. O contrato prevé prórrogas sucesivas obrigadas para o arrendador e potestativas para o arrendatario, por períodos de cinco anos e una última de menor prazo ata a fin da concesión.

A renda do contrato componse dunha renda fixa e outra variable.

A renda fixa inicial esixible durante o primeiro ano de duración do contrato é a de 10.000€ ao mes. Nos restantes anos a renda fixa será a que resulte da súa actualización conforme ao IPC.

A renda variable é do 25% da facturación bruta anual da explotación das salas, o 8% da facturación bruta anual correspondente aos servizos de catering e o 8% da facturación bruta anual por alugamento de medios audiovisuales e outros servizos prestados.

O administrador concursal no seu escrito fai constar canto a renda e a situación debedora que:

«Renta actual. En la actualidad la renta es de 15.029,72 euros como se deduce de la copia de la factura de enero 2018 que adjunto.



Concello de Vigo

Situación deudora. Debe un mes (18.186 €) más la refacturación del IBI del 2017 (68.196 €) que se la acabamos de hacer hace unos días».

(x) Finalmente, con data de 16 de diciembre de 2015, o Concello de Vigo e Pazo de Congressos de Vigo, S.A. asinaron un “Contrato de arrendamento das superficies da zona complementaria do Auditorio-Palacio de Congressos Mar de Vigo, con destino a sede da aula do centro asociado da UNED de Pontevedra en Vigo”, sobre as superficies das plantas primeira, segunda e terceira, da zona inicialmente destinada a oficinas, no edificio do Auditorio-Palacio de Congressos, e seis prazas de aparcamiento; contrato que sigue en vigor e cuxa renda actual é de 45.263, 35 euros mensuais.

Cuarto.- Con data 9 de febreiro de 2018, este responsable do contrato da concesión deu traslado do contrato de arrendamento, asinado entre Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.A., para a xestión do Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo á Área de Cultura do Concello e solicitou desta informe sobre a conveniencia e oportunidade de que o Concello de Vigo resolva ou continúe o dito contrato; e, con data 14 de febreiro, este responsable do contrato da concesión solicitou do administrador concursal copias das condicións particulares dos contratos de seguro en vigor ata o 31 de marzo de 2018 e dos contratos de subministro de enerxía eléctrica á obra pública, asinados con Endesa e Gas Natural, así como aclaracións en relación cos contratos de servizos, asinados por Pazo de Congressos de Vigo, S.A. con Valoriza Facilities SAU, para a xestión integral do conxunto da obra pública e do aparcadoiro nela existente.

Quinto.- En contestación á solicitude de informe á Área de Cultura sobre a continuidade do contrato de arrendamento asinado en 2014 entre Pazo de Congressos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.A., o concelleiro delegado, con data 15 de febreiro seguinte, emitiu informe, incorporado ao expediente, no que estima imprescindible a continuidade do contrato de arrendamento para a xestión do Auditorio-Pazo de Congressos mar de Vigo coa empresa “Organización de Ideas de Éxito, S.L. en consideración da satisfactoria colaboración mantida entre o Concello de Vigo e a dita xestora do Auditorio-Pazo de Congressos desde o inicio da actividade desta, que ten permitido á poboación da cidade acceder a eventos culturais e sociais de gran calidade e interese que doutro xeito non sería posible, e en razón, tamén, de que a resolución deste contrato de xestión obrigaría á cancelación da programación xa aprobada e anunciada para 2018 e o primeiro trimestre de 2019.

Igualmente advirte o concelleiro delegado de cultura que a necesidade de aprobar canto antes o convenio de colaboración coa xestora do Auditorio Pazo de Congressos para a execución da programación cultural arriba referida, aconsella que a continuidade do contrato de arrendamento, asinado no seu día entre Pazo de Congressos de Vigo, S. A. e a xestora do Auditorio, se adopte á maior brevidade posible.

Sexto.- Á data do presente informe este informante non conta coa documentación e aclaracións solicitadas ao administrador concursal; non obstante, a necesidade, advertida polo concelleiro delegado de cultura, de aprobar o mais axiña que caiba o pronunciamento sobre a continuidade ou resolución do contrato de arrendamento para a xestión do Auditorio-Pazo de Congressos Mar de Vigo aconsella que a Xunta de Goberno Local se pronuncie sobre este e, igualmente, sobre a continuidade ou resolución dos demais contratos respecto dos cales non se solicitou documentación complementaria nin aclaración algunha ao

administrador concursal e demorar o pronunciamento de continuidade ou resolución respecto de aqueles pendentes de documentación ou aclaración ao momento no que se dispoña da documentación e aclaracións solicitadas.

Sétimo.- Consta no expediente:

— Copia do Auto do Xulgado do Mercantil núm. 3 de Pontevedra, de data 13 de novembro de 2017, ditado no procedemento de concurso ordinario núm. 418/2016 Sección V Convenio, que abre a fase de liquidación do dito concurso.

— Escrito do administrador concursal de 6 de febreiro de 2018 ao que se fai referencia no apartado segundo desta exposición de feitos.

— Solicitud de informe á Area de Cultura do Concello de Vigo, de data 9 de febreiro de 2018, sobre a conveniencia e oportunidade de da continuación do contrato asinado en 2014 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.A. e copia do dito contrato.

— Solicitud ao administrador concursal, de data 14 de febreiro de 2018, de copia de documentación contractual e aclaracións respecto dos contratos de xestión asinados pola concursada e Valoriza Facilities SAU.

— Informe do concelleiro delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo, de 15 de febreiro de 2018, sobre a necesidade da continuación do contrato de arrendamento para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo concluído en 2014 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.A.

— Contrato de arrendamento asinado o 25 de maio de 2010 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Congrevigo, S.L. para a xestión do Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo

— Contrato de arrendamento do edificio destinado a hotel no complexo do Auditorio-Pazo de Congresos, asinado o 3 de decembro de 2009 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Carrís Hoteles, S.L.

— Contrato de arrendamento do edificio destinado a hotel no complexo do Auditorio-Pazo de Congresos, asinado o 17 de febreiro de 2014 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Borealis Hotels SLU e Hoteles Turísticos Unidos S.A.

— Contratos de prestación de servicios asinados o 1 de xaneiro de 2015 entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Valoriza Facilities SAU para a xestión integral dos edificios do Complexo auditorio de Vigo e do aparcamedoiro do dito complexo e addenda ao primeiro de 15 de decembro de 2015.

— Xustificantes de suplementos de renovación das pólizas de seguro arriba referidas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

PRIMEIRO.- O artigo 266.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas dispón que «El órgano de contratación podrá acordar también, como consecuencia



Concello de Vigo

de la resolución de la concesión, la resolución de los contratos otorgados por el concesionario para el aprovechamiento de las zonas complementarias de explotación comercial, abonando la indemnización que en su caso correspondiera. Esta indemnización será abonada con cargo al concesionario cuando la resolución se produjera como consecuencia de causa imputable a éste. Cuando no se acuerde la resolución de los citados contratos, los titulares de los derechos de aprovechamiento seguirán ejerciéndolos, quedando obligados frente al órgano de contratación en los mismos términos en que lo estuvieran frente al concesionario, salvo que se llegara, de mutuo acuerdo, a la revisión del correspondiente contrato».

SEGUNDO.- Dito precepto é aplicable —entendemos— non so aos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial senón, tamén, aos contratos de explotación comercial da propia obra pública, segundo resulta da sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Canarias, de data 10 de outubro de 2014, no recurso de apelación núm. 110/2014, sobre resolución de contratos de explotación da obra concedida ao abeiro da posibilidade de resolver os contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias de explotación comercial, así como da normativa actual do contrato de concesión de obra pública (artigo 271.5 TRLCSP e 280.4 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Publico), que recoñece expresamente a posibilidade de resolver ou continuar cos contratos outorgados polo concesionario para o aproveitamento das zonas complementarias e de explotación comercial da obra pública.

TERCEIRO.- Sen prexuízo da resolución administrativa e eventualmente xurisdiccional que se adopte en relación coa causa de resolución do contrato e, daquela, en orden á liquidación do mesmo, no particular relativo a se a causa da resolución da concesión é ou non o incumprimento pola concesionaria e accionistas das obrigas contractuais esenciais asumidas a virtude do contrato de concesión, como queira que a obra pública vai pasar á posesión e plena titularidade do Concello de Vigo, procede que esa Administración municipal se pronuncie sobre a resolución ou continuación dos contratos actualmente en vigor para a explotación da obra pública e as súas zonas complementarias concertados, no seu día, por Pazo de congresos de Vigo, S.A..

CUARTO.- O presente informe se referirá segundo vai dito aos contratos respecto dos cales non se solicitaron do administrador concursal documentación complementaria ou aclaracións aos mesmos, esto é, ao contrato de subministro e depuración de auga, que naturalmente ten de continuar habida conta do réxime da prestación deste servizo público en réxime de concesión a UTE FCC Aqualia-FCC, ao contrato de arrendamento a favor do Concello de Vigo da zona complementaria, destinada a oficinas, do complexo, para destinala a sede a Aula da UNED en Vigo, que se extingue por confusión das cualidades de arrendador e arrendatario na persoa do Concello de Vigo, e os contratos de arrendamento das zonas destinadas a hotel no complexo e da zona correspondente ao Auditorio-Pazo de Congresos Mar de Vigo e do local, de aproximadamente 579 m² de superficie, destinado a cafetería, na cota + 8.5 do mesmo edificio.

QUINTO.- Canto ao arrendamento das zonas do complexo destinadas a hotel, cómpre salientar que fronte aos impagos da anterior arrendataria Carrís Hoteles, S.L., que motivaron o seu desfiuzamento xudicial, non se teñen noticias por esta administración municipal dun

defectuoso cumprimento do contrato por parte da actual arrendataria, tendo manifestado a Dirección da concursada, en repetidas ocasións, a este informante o satisfactorio cumprimento do contrato de arrendamento por parte de Borealis Hotels SLU e Hoteles Turísticos Unidos S.A.. Así mesmo o administrador concursal no escrito que da inicio ao presente expediente informa que a arrendataria do hotel, a esta data, non adébeda cantidade algunha á Pazo de Congressos de Vigo en liquidación.

Doutra parte, cabe considerar tamén que a renda que ven satisfacendo a arrendataria do hotel pode considerarse axustada ao mercado; dunha parte, por terse celebrado o contrato por unha sociedade mercantil que opera no mercado co fin de obter o máximo lucro posible; doutra porque a renda fixa ou mínima garantizada, actualizable anualmente con arranxo ao IPC, era para o terceiro ano de contrato de 40.334 euros/mes, sendo na actualidade de 40.616,34 euros/mes, cando a renda fixa do contrato de arrendamento pactada con Carrís Hoteles, S.L., en decembro de 2010, antes da crise económica, era para o terceiro ano de 45.375 euros/mes, con previsión de prórrogas ata a fin da concesión, obrigatorias para o arrendador e potestativas para a arrendataria, ata a fin da concesión; prórrogas que non se contemplan no contrato de arrendamento asinado coa actual arrendataria, cuxo alugamento finaliza o 31 de marzo de 2021, o que permitirá renegociar o contrato e a súa renda en función da situación económica do momento.

A renda variable, esixible á finalización de cada ano no contrato actual, e por mensualidades no arrendamento concertado con Carrís Hoteles, S.L., consistirá no importe que resulte de aplicar o 22% —no actual arrendamento— e do 20% ou do 22% (de superarse 2.500.000 euros de facturación anual), no alugamento pactado con Carrís Hoteles, S.L., á facturación neta anual por todos os conceptos de explotación do hotel e será minorada na renda fixa ou mínima garantida en cómputo anual do ano en curso, devindicándose so cando esta cifra sexa positiva.

SEXTO.- Verbo da continuidade do contrato de alugamento dos espazos destinados a Auditorio-Pazo de Congressos, asinado pola concesionaria con Organización de Ideas de Éxito, S.A., en 17 de marzo de 2014, para a xestión do mesmo, xa se fixo referencia máis arriba o informe do concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo no que considera imprescindible a dita continuidade.

Polo demais, ao igual que no contrato de alugamento dos espazos destinados ao hotel, cabe considerar que as estipulacións deste contrato axústanse ao mercado. En primeiro termo por ser tamén pactadas por una mercantil cuxa actuación persegue no mercado o máximo lucro posible, pero, tamén, porque se no primeiro contrato de arrendamento asinado pola concesionaria con Congrevigo, S.L. a renda fixa ou mínima garantida, habida conta o frecuente carácter deficitario deste tipo de instalacións, era de 1.000 euros ao ano, revisable anualmente con arranxo ao IPC, con prorrogas sucesivas, obrigatorias para o arrendador e potestativas para a arrendataria, ata a practica finalización da concesión —o ano 2040—, no contrato actual asinado pola concesionaria con OIDE, de cuxa continuidade se trata, a renda fixa se eleva a 10.000 euros ao mes, actualizable anualmente con arranxo ao IPC, con prórrogas sucesivas, obrigatorias, tamén, para o arrendador e potestativas para o arrendatario ata a fin da concesión.



Concello de Vigo

En ambos contratos se prevé unha renda variable anual que será a suma dos seguintes importes: o 20% sobre a facturación bruta anual correspondente á explotación das salas, da que no arrendamento concertado con Congrevigo, S.L. se exclúe a parte de facturación que se realice ao Concello de Vigo coas bonificacións que a este correspondan; o 8% sobre a facturación bruta anual correspondente aos servizos de catering; e o 8% sobre a facturación bruta anual correspondente ao alugamento de medios audiovisuais e outros servizos prestados.

SÉTIMO.- Por último cabe tamén salientar, dunha parte, que a continuidade dos contratos de explotación da obra pública permitirá a continuidade da prestación do servizo público sen entorpecemento e alteracións prácticas significativas e, doutra, que para a eventualidade de ter que determinarse o valor da concesión no expediente de liquidación do contrato de concesión da obra pública, a imaxe fiel deste ven dado pola licitación da concesión da obra pública cos contratos de explotación vixentes á data da resolución do contrato.

OITAVO.- O órgano competente para acordar a resolución ou continuación dos contratos de referencia é, de acordo co artigo 266.5 do Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas, e previo informe da Intervención Xeral Municipal, o órgano de contratación, isto é a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, ao abeiro do disposto na súa disposición adicional 2.3.

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Primeiro.- Dispoñer a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, do contrato de arrendamento concluído o 17 de febreiro de 2014, entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Borealis Hotels S.L.U. e Hoteles Turísticos Unidos, S.A., para a explotación do hotel sito no Complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, na Avda de Beiramar núms. 57-59 de Vigo.

Segundo.- Dispoñer a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, do contrato de arrendamento concluído o 17 de febreiro de 2014, entre Pazo de Congresos de Vigo, S.A. e Organización de Ideas de Éxito, S.L. para a explotación e xestión das zonas destinadas a auditorio e pazo de congresos e da zona de aproximadamente 579 m² de superficie, destinada a cafetería, na cota + 8.5 da obra pública, sitas no Complexo Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, na Avda de Beiramar núms. 57-59 de Vigo.

Terceiro.- Dispoñer a continuación e non resolución, a partir do 31 de marzo de 2018, e a automática extinción, a partir desa mesma data, por confusión na persoa do Concello de Vigo das cualidades de arrendador e arrendatario, do contrato de arrendamento concluído entre esta Administración municipal e Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para destinar a zona destinada a oficinas do complexo á Aula da UNED en Vigo.

Cuarto.- Dispoñer a continuación e non resolución do contrato de subministro e saneamento de auga concluído pola concursada coa concesionaria do servizo público de abastecemento

e saneamento de auga, sen prexuízo da instalación dos contadores individuais que procedan.

Quinto.- Demorar o pronunciamento sobre a continuidade ou resolución dos demais contratos de servizos, subministración e seguro, concluídos por Pazo de Congresos de Vigo, S.A. para a explotación da obra pública, ao momento en que se dispoña da documentación solicitada ao administrador concursal de Pazo de Congresos de Vigo, S.A.

Sexto.- Dese conta do presente acordo ás Áreas municipais de Educación e Patrimonio e notifíquese o mesmo aos interesados con indicación de que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, no prazo dun mes, a contar do seguinte ao da súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte ao da súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso, calquer outro que estimen procedente.

Para o caso de formular recurso potestativo de reposición non poderán interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o de reposición ou se produza a súa desestimación presunta.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

13(233).- TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO DO CONCELLO DE VIGO Á FUNDACIÓN MARCO PARA O FUNCIONAMENTO DURANTE O EXERCICIO 2018. EXPTE. 2109/341.

Visto o informe xurídico do 21/02/18 e o informe de fiscalización do 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 07/02/18, asinado polo xefe do servizo de Museos Municipais, o xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Con data 5 de febreiro de 2018 o xerente da Fundación Marco solicita a través do Rexistro Xeral a transferencia de financiamento para 2018 e que se aprobe o calendario de pagamentos e achegan a documentación correspondente.

No pasado exercicio económico, a achega económica do Concello de Vigo á Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo) xestionouse a través dunha transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondente a 2017 por importe de 605.000 €, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión do 27 de xaneiro de 2017. Esta fórmula de financiamento substituíu á de subvención nominativa, que viña aplicándose ata o exercicio económico 2015, segundo os diversos informes do Servizo de Fiscalización conformados polo Interventor Xeral, de datas 18 de marzo de 2016 e tamén 20 de xaneiro de 2017.



Concello de Vigo

Dos anteriores informes do Servizo de Fiscalización, fundamentados con amplitude en moi diversas normas legais de aplicación, extráense as seguintes referencias que serían aplicables ao exercicio económico de 2018:

- O obxecto do expediente correspóndese con materia de competencia propia do Concello segundo os artigos 25.2 m da Lei 7/1985, do 2 de abril, promoción da cultura e equipamentos culturais e o 80.2.n), actividades culturais, da Lei 5/1997, da administración local de Galicia.
- A Lei Xeral de Subvencións establece que non están comprendidas no seu ámbito de aplicación as achegas dinerarias entre diferentes Administracións Públicas e entre distintos axentes dunha Administración.
- Forman parte do Sector Público Estatal aos efectos da Lei Xeral Orzamentaria as fundacións do sector Público estatal, definidas na Lei de Fundacións.
- Os axentes da Lei Xeral de Subvencións son os previstos para o ámbito estatal na Lei Xeral Orzamentaria, que deben servir de referencia respecto ao ámbito local.
- A Fundación Marco é unha fundación declarada de interese galego á que lle resulta de aplicación a Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico.
- A Fundación Marco reúne as circunstancias necesaria para ser considerada fundación do sector público, xa que en 2017 ten previsto financiarse nun 75,24 % polo Concello de Vigo, pola Xunta de Galicia nun 12,44% e polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte nun 4,36%; ademais que o Concello e as outras administracións posúen a práctica totalidade dos membros dos seus órganos de goberno e representación.

As conclusións principais sobre os informes da Intervención Xeral de 2016 e 2017, tamén aplicables a 2018, son:

- A achega que realiza o Concello de Vigo á Fundación Marco é unha transferencia de financiamento non suxeita a Lei Xeral de Subvencións, sobre a que se debe concretar a periodicidade dos pagamentos.
- A comprobación, xustificación, fiscalización e control financeiro da achega municipal (excluída totalmente do réxime subvencional) e actividade da Fundación Marco debe realizarse pola Intervención Xeral.
- Debe procederse á publicación da achega municipal no Portal de Transparencia do Concello, de acordo do a Lei 19/2013.

O Secretario da Administración municipal, no seu informe do 29 de febreiro de 2016, sobre a transferencia de financiamento á Fundación Marco daquel exercicio, realiza a seguinte formulación que se considera extrapolable ao resto dos casos (Fundación Liste e Fundación Laxeiro): “podería adecuarse en futuros orzamentos a súa consideración como transferencia de financiamento e completarse nas correspondentes bases de execución deses orzamentos coa normativa á que deberá suxeitarse a citada transferencia, con indicación de periodicidade das achegas, e especial consideración á necesidade de ser fiscalizada previamente ao ser outorgadas e a de ser sometidas a control posterior pola Intervención Xeral”.

Con data 28 de novembro de 2016 e 15 de xaneiro de 2018 o concelleiro-delegado da Área consulta ao Interventor Xeral do Concello sobre “se a tramitación e/ou resultados do control financeiro ou auditoría estipulados, que se realizarán por parte dese Intervención Xeral,

condicionan o inicio da tramitación e/ou a aprobación do expediente de nova transferencia (...), ou ben debemos esperar a que nos comuniquedes os seus resultados”.

Con data 17 de xaneiro de 2018 o Interventor Xeral informa ao concelleiro-delegado da Área de Cultura o seguinte, no mesmo sentido que o fixera para o exercicio 2017: *“En contestación a súa consulta sobre as transferencias de financiamento a favor da Fundación Marco, Fundación Laxeiro e Fundación Liste, comunícolle que estas poden ser tramitadas e levadas a proposta de aprobación da Xunta de Goberno Local, independentemente e non condicionada polo posible resultado do control financeiro ou auditoría que realizará esta Intervención Xeral, polo que procede a súa tramitación, de ser o caso.”*

As bases de execución do presuposto do exercicio de 2018 non establecen ningunha normativa á que debера suxeitarse as transferencias de financiamento, polo que o Servizo de Museos só pode establecer a periodicidade dos pagamentos da transferencia de financiamento que é a solicitada pola Fundación Marco; xa que a capacidade fiscalizadora do financiamento, previa e posterior, corresponde á Intervención Xeral.

FUNDACIÓN MARCO.-

O Pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002, por unanimidade, acordou a súa participación na Fundación Marco, como entidade fundadora e aprobar os Estatutos da Fundación. Con data 22 de outubro de 2002, constitúese a Fundación Marco, CIF G36909885, na Casa do Concello de Vigo, en escritura pública diante do notario Mariano Vaqueiro Rumbao, protocolo num 2.100. Nos estatutos aprobados polo Pleno do Concello e na acta de constitución da Fundación Marco figuran como entidades fundadoras o Concello de Vigo, Caixanova, a Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Pontevedra.

Tamén acordara o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación Marco que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras. O apartado 4 do citado artigo 27 establece que a partir do ano 2004 reconsideraranse as achegas destas entidades en función do orzamento anual, debendo cubrir como mínimo o 75% dos gastos correntes orixinados polo funcionamento e as actividades do Museo de Arte Contemporánea de Vigo.

A Fundación Marco está dedicada á realización de actividades culturais de investigación, educación, formación, conservación, exhibición e difusión da arte e da cultura contemporáneas, con particular atención á produción artística da Comunidade Galega, así como a estatal e internacional, mediante a adquisición, a conservación, o estudo, a exposición e interpretación educativa de obras de arte contemporánea, ao tempo que deberá impulsar a estimulación da sensibilidade da sociedade cara á cultura actual.

Con data 5 de xaneiro de 2006 protocolízase en escritura notarial (Núm. 19; Notario: Mariano Vaqueiro Rumbao) a incorporación ao Padroado da Fundación Marco *“Un vocal (1) designado polo Ministerio de Cultura da Administración Xeral do Estado en atención ao seu compromiso estable coa Fundación e en función da súa achega.”*; derivado do acordo do Padroado de data 20 de decembro de 2005.

A Deputación provincial de Pontevedra, entidade cofundadora da Fundación Marco, con data 21 de decembro de 2011 dera por concluídos os compromisos adquiridos con diversas Fundación e Organismos, entre os que se incluía a Fundación Marco, deixando de pertencer



Concello de Vigo

como membro dos mesmos e de participar no seu financiamento cunha achega fixa anual, todo iso, sen prexuízo de que puidera colaborar con eles mediante achegas puntuais, segundo o permitan as necesidades económicas.

Novacaixagalicia (antes Caixanova, entidade cofundadora da Fundación Marco) comunicou á Fundación Marco, en escrito do 31 de xaneiro de 2012 a súa renuncia á posibilidade de seguir colaborando coa Fundación e rescindindo o compromiso asumido, eximindo “á Caixa” da necesidade de realizar unha achega económica correspondente á súa cota patronal.

Declaracións de interese cultural e interese galego.

A Fundación Marco, foi clasificada de interese cultural, por Orde de 13 de decembro de 2002, da Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública (DOG núm 2, do 3 de xaneiro de 2003); e foi declarada de interese galego e inscrita no Rexistro de Fundacións por Orde de 15 de xaneiro de 2003 da Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo (DOG núm 24, do 4 de febreiro de 2003).

Composición actual do Padroado da Fundación Marco.-

Presidente.- Abel Caballero Álvarez, Alcalde do Concello de Vigo.

Vicepresidente.- Cayetano Rodríguez Escudero, concelleiro-delegado da Área de Cultura do Concello de Vigo.

5 Vogais.- David Regades Fernández (Concello de Vigo), Teresa Egerique Mosquera (Concello de Vigo), Anxo Manuel Lorenzo Suárez (Xunta de Galicia), M^a del Carmen Martínez Ínsua (Xunta de Galicia) e Begoña Torres González (Ministerio de Cultura).

SOLICITUDE DE TRANSFERENCIA DE FINANCIAMENTO.-

A Fundación Marco ten achegado a seguinte documentación para a transferencia de financiamento para funcionamento do exercicio 2018 do Museo de Arte Contemporánea de Vigo:

- Solicitud de transferencia de financiamento do Concello de Vigo por importe de 605.000,00 € presentada no Rexistro Xeral do 5 de febreiro de 2017 xunto coa seguinte documentación:
 - Copia da certificación do acordo do Padroado, adoptado na sesión do 29 de xaneiro de 2018, sobre “achegas das entidades patrocinadoras e orzamento do exercicio 2018” e “aprobación da programación de actividades para o exercicio 2018, conforme ao artigo 17.3 dos estatutos”
 - Orzamento de ingresos e gastos do exercicio 2018, co detalle dos gastos dos principais proxectos e partidas.
 - Programación completa de exposicións para o exercicio 2018.
 - Táboa de visitantes de 2017.
 - Copia da comunicación do 05-02-2018 á Consellería de Cultura, Educación e O.U. (Protectorado de Fundacións) sobre programación e presuposto para 2018 e composición do Padroado a 31 de decembro de 2017.

Certificacións e declaracións.- No expediente inclúense copias vixentes das seguintes:

- Certificación da AEAT, de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias.

- Certificación da Axencia Tributaria de Galicia-Consellería de Facenda de non ter débedas pendentes en período executivo non aprazadas, fraccionadas ou cuxa execución estivese suspendida.
- Certificación da Tesourería Xeral da Seguridade Social de non ter pendente de ingreso ningunha reclamación por débedas xa vencidas coa Seguridade Social.
- Certificación do Concello de Vigo de non ter débedas ou sanción de natureza tributaria co Concello na vía de constrinximento.

ORZAMENTO 2018 DA FUNDACIÓN MARCO.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2018, que ascende a un total de 803.121,00 €. As achegas das entidades fundadoras e integradas no Padroado para o ano 2018 que detallan son as seguintes:

➤ Concello de Vigo	605.000,00 € (75,33%);
➤ Xunta de Galicia	100.000,00 € (12,45%);
➤ Ministerio de Cultura	35.000,00 € (4,36%);
➤ Ingresos Patrocinios	10.000,00€ (1,25%);
➤ Ingresos actividades propias	39.843,00 € (4,96%);
➤ Amigos MARCO	13.278,00 € (1,65%).

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

1. Persoal:	316.235,00 € (39,38%);
2. Gastos xerais (e extraordinarios):	286.491,00 € (35,67%);
3. Actividades (expos., didac., etc.):	149.123,00€ (18,57%);
4. Gastos financeiros:	2.000,00 € (0,25%);
5. Outros (Amortizacións):	49.272,00 € (6,14%).

A comparación entre a previsión de presuposto de orzamento de 2018 e a estimación do orzamento de 2017 presenta as seguintes variacións:

INGRESOS

Orzamento 2018

Orzamento 2017

Achegas do Padroado:

Concello de Vigo	605.000	605.000
Xunta de Galicia	100.000	100.000
Ministerio de Cultura	35.000	35.000
	740.000	740.000

Outros ingresos:

Ingresos Patrocinios	10.000	-
Ingresos das actividades propias	39.843	45.078
Reservas		-
Amigos MARCO	13.278	19.068

63.121

64.146

TOTAL INGRESOS:	803.121	804.146
------------------------	----------------	----------------



Concello de Vigo

GASTOS		2018	2017
VARIACIÓN DO ORZAMENTO (2018-2017)		316.235	317.137
Considerando as percentaxes de participación das entidades e tipos de achegas entre a previsión do orzamento total de 2018 e a estimación do orzamento total de 2017 (tomando os datos facilitados polo MARCO) presenta as seguintes variacións:		296.491	110.781
Gastos Gerais e Extradividuais		296.491	110.781
Exposicións		0,000	44.586
Actividades (Didáctica y Amigos sin ser gasto personal)		39.862	44.586
Gastos financeiros		2.000	2.000
INGRESOS		49.272	24.000
Amortizacións		49.272	24.000
		2017	2018
➤ Concello de Vigo	75,24%	75,33%	+0,09%
TOTAL GASTOS:		803.121	804.146
➤ Xunta de Galicia	12,44%	12,45%	+0,01%
➤ Ministerio de Cultura	4,35%	4,36%	+0,01%
➤ Ingresos patrocinios	0,00%	1,25%	+1,25%
➤ Ingresos activs. propias	5,61%	4,96%	-0,65%
➤ Amigos MARCO	2,37%	1,65%	-0,72%

GASTOS.-

A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:

	2017	2018	Dif. 2018-2017
1. Persoal:	39,44 %	36,38%	-3,06%
2. Gastos xerais:	37,51%	35,67%	-1,84%
3. Actividades (expos., activi., etc.):	19,82%	18,57%	-1,25%
4. Gastos financeiros:	0,31%	0,25%	-0,06%
5. Amortizacións:	2,98%	6,14%	+3,16%

XESTIÓN DA COLABORACIÓN DO CONCELLO DE VIGO COA FUNDACIÓN MARCO

Ata 2015 o desenvolvemento das subvencións nominativas outorgadas pola Xunta de Goberno Local á Fundación Marco víñanse regulando, de acordo co establecido no art. 26.1 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, establecéndose no propio acordo de concesión a regulación das condicións e obrigas (ao igual que no caso da Fundación Laxeiro; con convenio regulador no caso da Fundación Liste). Nesta situación, de tramitación das achegas municipais como subvencións nominativas, a concellería-delegada da Área de Cultura dispoñía da información detallada sobre o funcionamento e actividade destes centros, a través da documentación xustificativa que se presentaban.

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "*b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados.*"

Coas conformidades do xefe do servizo de Xestión e Promoción Cultural e do concelleiro-delegado da Área de Cultura, tras o infoeme xurídico e da Intervención Municipal, faise a seguinte

PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL.-

PRIMEIRO.-

1.- Transferir á Fundación Marco, CIF: G36909885, un importe de 605.000,00 € (seiscientos cinco mil euros) en concepto de transferencia de financiamento xeral do seu programa de actividades e funcionamento correspondentes ao ano 2018, de acordo co seguinte calendario:

- ◆ Unha primeira achega tralo acordo Xunta de Goberno Local, por importe de 201.666,66 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha segunda achega antes do 25 de maio de 2018, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).
- ◆ Unha terceira achega, antes do 25 de setembro de 2018, por importe de 201.666,67 € (33,33% do importe concedido).

2.- A transferencia de financiamento pode financiarse con cargo á partida 3330.489.00.03 "Fundación Marco", que figura no orzamento de 2018 do Concello de Vigo.

3.- A fiscalización da transferencia de financiamento realizarase pola Intervención Xeral, directamente cos seus servizos propios ou a través de técnicas de auditoría que puidera contratar.

SEGUNDO.-

O decreto de delegación de competencias da Alcaldía nos concelleiros-delegados, de data 19 de xuño de 2015, establece no Concelleiro-delegado da Área de Cultura, entre outras, a seguinte: "b) en materia de museos: (...) 4. Xestionar as colaboracións do Concello de Vigo coa Fundación Marco (Museo de Arte Contemporánea de Vigo), Fundación Laxeiro, Fundación Liste-Museo Etnográfico de Vigo, Fundación Museo do Mar de Galicia e representalo nos seus padroados".

Co obxecto de xestionar a colaboración do Concello de Vigo coa Fundación Marco, complementaria do financiamento municipal, da representación municipal no Padroado e da cesión do uso do edificio, establécense as seguintes normas e compromisos da Fundación Marco:

PRIMEIRA.-

O pleno do Concello de Vigo do 29 de xullo de 2002 acordara participar na Fundación Marco como entidade fundadora e achegarlle determinadas contías para financiamento de gastos derivados do seu funcionamento. Tamén acordou o Pleno aprobar os Estatutos da Fundación Marco que no seu artigo 27 aborda o financiamento dos mesmos e as contías que aportan as catro entidades fundadoras.

SEGUNDA.-

Na documentación achegada pola Fundación Marco inclúese a información orzamentaria de previsión de ingresos e gastos para o ano 2018, que ascende a un total de 803.121,00 €.

A previsión de ingresos quedará do seguinte xeito:

- | | |
|--------------------------------|------------------------|
| ● Concello de Vigo | 605.000,00 € (75,33%); |
| ● Xunta de Galicia | 100.000,00 € (12,45%); |
| ● Ministerio de Cultura | 35.000,00 € (4,36%); |
| ● Ingresos Patrocinios | 10.000,00€ (1,25%); |
| ● Ingresos actividades propias | 39.843,00 € (4,96%); |
| ● Amigos MARCO | 13.278,00 € (1,65%). |



Concello de Vigo

- A previsión da distribución do gasto establécese nos seguintes grupos:
- Persoal: 316.235,00 € (39,38%);
- Gastos xerais (e extraordinarios): 286.491,00 € (35,67%);
- Actividades (expos., activi., etc.): 149.123,00€ (18,57%);
- Gastos financeiros: 2.000,00 € (0,25%);
- Outros (Amortizacións): 49.272,00 € (6,14%).

TERCEIRA.- OBRIGAS DA FUNDACIÓN MARCO.-

1. Cumprir e organizar o programa aprobado polo seu Padroado, asumindo todos os gastos e pagamentos relativos á totalidade do programa de actividades e funcionamento. O Concello de Vigo non asumirá outros gastos ou xestións derivadas da actividade e funcionamento, diferentes á transferencia de financiamento que aprobe a Xunta de Goberno Local para este exercicio económico.
2. Responsabilizarse da organización integral da programación realizada pola Fundación Marco, como entidade titular e responsable de todas as actividades, servizos e funcionamento subvencionados.
3. Incorporar os anagramas-logotipos do Concello de Vigo e comunicarlle as roldas de prensa, presentación a medios ou todo tipo de comunicacións ao exterior nas que se deberá facer mención expresa ao financiamento municipal.
4. Colaborar co Concello de Vigo, coa participación da Fundación Marco, na Rede Museística e Expositiva promovida pola administración municipal.
5. Comunicar ao Concello de Vigo as modificacións dos programas aprobados ou en fase de realización, en particular os cambios ou cancelacións de elementos do proxecto de actividades, servizos e funcionamento.

CUARTA.- OBRIGAS DO CONCELLO DE VIGO.

1. Realizar o seguimento do desenvolvemento das actividades da Fundación Marco e colaborar na súa viabilidade.
2. Tramitar o pagamento do importe das transferencias de financiamento; de acordo co calendario aprobado pola Xunta de Goberno Local.

QUINTA.- MECANISMOS DE SEGUIMENTO DA COLABORACIÓN. UNIDADE XESTORA.

A unidade xestora da colaboración coa Fundación Marco é o servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo, ao que a Fundación Marco informará sobre o desenvolvemento das súas actividades e funcionamento.

A unidade xestora ten a encomenda de comprobación da realización das actividades, servizos e funcionamento do proxecto de actividades.

SEXTA.- DIFUSIÓN DO CARÁCTER PÚBLICO DO FINANCIAMENTO E DAS ACTIVIDADES DO PROGRAMA

A Fundación Marco adoptará as medidas necesarias para publicitar axeitadamente o carácter público do financiamento, por parte do Concello de Vigo, do seu funcionamento xeral; incorporando esta publicidade, de forma particular, nos propios centros, nas publicacións, na

páxina web, nas presentacións e difusión das súas actividades, etc., procurando previamente a conformidade da Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco asumirá integramente a produción de material gráfico para difusión, tanto o de tipo xeral relativo ao Museo, como o das actividades programadas. O anagrama-logotipo do Concello de Vigo figurará debidamente en todas as publicacións e soportes publicitarios que se produzan, ademais das lendas que se acorden.

Se no financiamento das actividades ou publicacións interveñen outras entidades distintas do Concello de Vigo, na difusión deberá acordarse coa Concellería-delegada da Área a prelación e características para cada caso.

O deseño gráfico de publicacións e materiais de difusión deberá ser enviado ao servizo de Museos Municipais, previamente ás impresións, como mínimo naquelas partes onde figuren as referencias ao Marco (ou á Fundación), aos servizos, actividades, Concello de Vigo e outras entidades que realicen algunha achega ao proxecto anual financiado no seu conxunto polo Concello. O material editado dispoñerá dos depósitos legais correspondentes.

A difusión aos medios de comunicación de informacións sobre as actividades programadas (roldas de prensa, difusión de noticias, informacións, traballos, etc) deberá estar previamente acordada coa Concellería-delegada da Área de Cultura.

A Fundación Marco comprométese á utilización dunha linguaxe e imaxe non sexista nos materiais de publicidade que se empreguen para a difusión da actividade ou evento. Tamén se compromete ao emprego de imaxes non estereotipadas e que visibilicen a achega das mulleres nas facetas públicas da sociedade e non só no eido privado ou familiar.

LINGUA DE DIFUSIÓN E PUBLICACIÓNS.-

En consecuencia co establecido na vixente Ordenanza da Normalización Lingüística do Concello de Vigo, a lingua galega é a lingua principal de comunicación; polo tanto e con carácter xeral só se considerarán dentro do proxecto e programa subvencionado as publicacións e elementos de difusión e publicidade editados en galego, teñan ou non carácter periódico. A utilización doutras linguas distintas ao galego nas publicacións e difusión quedan sometidas aos acordos específicos coa concellería de Cultura, para que os elementos sexan subvencionables.

SÉTIMA.- INFORMACIÓN SOBRE ACTIVIDADE E FUNCIONAMENTO DA FUNDACIÓN MARCO.-

A Fundación Marco achegará á concellería-delegada da Área de Cultura do Concello, para o seu coñecemento, información e documentación sobre as súa actividade e funcionamento, sen prexuízo do control e fiscalización das achegas de transferencia de financiamento que corresponderá á Intervención Xeral.

DOCUMENTACIÓN A ACHEGAR POLA FUNDACIÓN MARCO AO CONCELLO.-

- a) Informes trimestrais sobre actividades realizadas, con datos e detalles sobre participantes, e sobre funcionamento da Fundación Marco; que se achegarán nos dez primeiros días naturais do trimestre seguinte ao do informe.



Concello de Vigo

- b) Relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento da Fundación Marco, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.
- c) Acreditación de ter entregado ao servizo de Museos Municipais do Concello de Vigo dez exemplares de cada publicación ou dos materiais de difusión editados ou producidos. No caso de que non se editara material para algunha actividade deberá indicarse, expresamente esta circunstancia. Se algunha actividade dispuxera de material gráfico, publicacións ou catálogos editados por entidades distintas á Fundación Marco, o Museo achegará un mínimo de catro exemplares ao servizo de Museos Municipais do Concello.
- d) Copias das convocatorias e actas do Padroado da Fundación Marco.
- e) Documentación sobre os asuntos a tratar nas sesións do Padroado dirixida ao Concelleiro-delegado da Área de Cultura, con antelación á súa realización.
- f) Gastos de persoal, xustificados cos contratos de traballo (copias compulsadas e nas sucesivas memorias trimestrais, senón houbera cambios, unha declaración da dirección ou presidencia neste sentido; de habelos, achegaríanse as novas copias compulsadas dos contratos), as nóminas e os boletíns de cotización á Seguridade Social (TC1 e TC2).
- g) Memoria-avaliación do programa de actividades e funcionamento da Fundación Marco de cada exercicio, nos dez primeiros días naturais despois do remate da anualidade, que deberá incluír como mínimo os seguintes datos e documentos:
 - Datos sobre os participantes nas actividades (número e perfil dos asistentes, presentados por mes e por cada unha das actividades do programa).
 - Memoria de prensa.
 - Memoria económica, con relación de ingresos e gastos, clasificada por cada unha das actividades, grupos e por funcionamento do centro, con indicación de acredores, conceptos, datas de emisión e importes.

A Fundación Marco deberá facilitar toda a información que lle fora requirida pola Concellería-delegada de Cultura, pola Intervención Xeral do Concello de Vigo, o Tribunal e Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

A Fundación Marco deberá comunicar ao Concello de Vigo, a través do servizo de Museos Municipais a tramitación e obtención, no seu caso, doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a súa actividade ou funcionamento. Esta comunicación deberá efectuarse no momento no que se coñeza.

OITAVA.-

Ao tratarse a Fundación Marco de Vigo dun ente financiado maioritariamente polo Concello de Vigo queda suxeita ás obrigas e cumprimentos que establece a LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira e o RD 1463/2007, de 2 de novembro polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria; por conseguinte deberán cumplimentar os datos relativos aos seus orzamentos e liquidacións telemáticamente a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais dependente do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, por conformar un ente da Base de Datos Xeral dos Entes Locais regulados no RD 1463/2007.

Así mesmo con carácter trimestral cumprimentarán na citada Oficina Virtual a información de pagamentos para os efectos do esixido na Lei 3/2004, de 29 de decembro pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade comercial.

Por último, para os efectos de dar cumprimento ao establecido pola Orde HAP /2105/2012, 1 de outubro, modificada pola Orde HAP/2082/2014, de 7 de novembro con carácter trimestral queda obrigada a cumprimentar toda a documentación e información que regula a citada Orde en desenvolvemento do artigo 12 da LO 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira a través da Oficina Virtual para a Coordinación Financeira coas Entidades Locais.

Por último a Fundación ten a obriga da de dar cumprimento mensualmente a publicación dos datos do período medio de pago a provedores en cumprimento do establecido polo Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas e as condicións e o procedemento de retención de recursos dos rexímenes de financiación previstos na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

14(234).- SUBVENCIÓN NOMINATIVA, MEDIANTE CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CINE CLUB LUMIÈRE, PARA A ORGANIZACIÓN DA PROGRAMACIÓN DE CINE EN VERSIÓN ORIXINAL PARA O EXERCICIO 2018. EXPTE. 1698/330.

Visto o informe xurídico do 1/02/18 e o informe de fiscalización do 28/02/18, dáse conta do informe-proposta do 2/03/18, asinado polo xefe do Servizo de Xestión e Promoción Cultural, o concelleiro-delegado de Cultura, e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

Seguindo as indicacións do informe de fiscalización da Intervención Xeral, de data 28 de febreiro, inclúese na cláusula oitava da proosta de convenio as adaptacions para dar cumprimento a obriga imposta polo artigo 14.2 a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

Así mesmo, con data 14 de febreiro, o director superior contable e orzamentario remite instrucións sobre as operacións de xustificación de subvencións do exercicio orzamentario 2018, de forma que o prazo máximo de xustificación se establece no 16 de novembro. Por este motivo, modifícase a cláusula oitava da proposta de convenio para adaptala a esa data límite de xustificación da subvención.

Polo dito, volve a realizarse o presente

INFORME-PROPOSTA.-

Con data 15 de xaneiro de 2018, o Cineclub Lumiere Vigo presenta no Rexistro Xeral solicitude de subvención e presenta a documentación ao respecto; por este motivo, con data 16 de xaneiro, o concelleiro-delegado da Área de Cultura resolveu que por parte desta xefatura se iniciase o expediente de subvención correspondente para a organización da



Concello de Vigo

programación de cine en versión orixinal, e realizar un convenio con esta entidade para regulala, por importe de 10.000 € con cargo á aplicación orzamentaria 3340.480.00.02 do orzamento municipal vixente.

ANTECEDENTES.-

CINECLUB LUMIÈRE VIGO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten por finalidade, entre outras, a programación de proxeccións cinematográficas periódicas, sendo a única entidade deste tipo existente na provincia de Pontevedra e das tres existentes na comunidade autónoma galega. Dende hai anos ven levando acabo unha importante labor na cidade de Vigo de desenvolvemento do cine, mediante a organización de ciclos estables de programación cinematográfica, en versión orixinal.

PROGRAMA E ORZAMENTO

A programación obxecto deste convenio desenvolverase no Auditorio Municipal do Concello, os luns ás 20:30 h, nos meses de xaneiro a xuño e de setembro a decembro.

A memoria económica que se achega ao presente convenio, incorpora o presuposto xeral de gastos do programa obxecto do convenio polo importe total de 20.469,82 € (vinte mil catrocentos sesenta e nove euros con oitenta e dous céntimos), financiándose coas seguintes achegas:

- Concello de Vigo: 10.000 € (48,85 %)
- Venda de entradas: 4.251 € (20,77 %)
- Cotas de socios e colaboradores: 5.495 € (26,84 %)
- Publicidade: 723,82 € (3,54 %)

DOCUMENTACIÓN.-

